

Editorial

O número anterior de Saudiña veu supor un punto de inflexión na andadura deste periódico e marca o inicio dunha nova etapa na que a educación en valores e os contidos transversais do currículo son tratados dun xeito global e pasan a se converter no eixe vertebrador deste instrumento de comunicación entre o profesorado.

Os efectos desta nova orientación do periódico pódense apreciar coa análise do contido deste número, onde parte dos artigos publicados pertencen á primeira convocatoria dos Premios Xunta de Galicia á innovación educativa sobre temas transversais, realizada no mes de xuño de 1997.

Esta convocatoria, que supuxo un importante traballo de coordinación entre tódalas consellerías participantes, foi o primeiro paso cara á consecución dun obxectivo tan importante como é a optimización dos recursos existentes nesta Comunidade Autónoma destinados á promoción da educación en valores e dos contidos transversais do currículo, e contou cunha destacable participación, tanto no número como na calidade dos traballos presentados.


Esperamos que nos vindeiros anos continúe, e mesmo se incremente, a participación nesta convocatoria, xa que, ademais de supo-la posibilidade de conseguir unha axuda económica para desenvolver novos proxectos, é unha importante fonte de material para Saudiña, co que se facilita, ademais, o espallamento destas interesantes experiencias educativas entre o profesorado.

Saudiña ten xa un ISSN —siglas en inglés do número internacional normalizado de publicacións seriadas— outorgado pola Biblioteca Nacional, co que queda incorporado ás máis de 600.000 publicacións periódicas de todo o mundo que figuran neste rexistro. Era algo que tiñan solicitado algúns colaboradores co obxectivo de impulsar a participación do profesorado na divulgación das súas experiencias educativas, e que desexamos se produza.


Neste número recóllense tamén reseñas do traballo que algunhas entidades e institucións, públicas e privadas, veñen desenvolvendo en colaboración estreita coas comunidades educativas, entre as que cabe subliña-lo estudo deseñado e posto en marcha pola Dirección Xeral de Saúde Pública en colaboración coa Dirección Xeral de Ordenación Educativa e de Formación Profesional, xa en fase de traballo de campo, e que pretende analiza-lo desenvolvemento do programa experimental de educación para a saúde na escola. Despois de seis anos de implantación —este programa iniciouse durante o ano 1992— parece oportuno realizar un estudo que permita velo seu grao de eficacia e, ó mesmo tempo, obter datos que faciliten a introducción das melloras oportunas.

Por iso, nos próximos meses, o equipo avaliador visitará aqueles centros educativos desta Comunidade Autónoma que foron seleccionados a través da oportuna mostraxe, para realizar as correspondentes enquisas e entrevistas. Desde estas páxinas solicitámosvos a máxima colaboración con estes profesionais, xa que os resultados desta avaliación vannon permitir avanzar cara a ese obxectivo inicial de conseguir que tódolos centros educativos de Galicia sexan entes promotores de saúde.

Queremos, por último, aproveitar para informarmos de que no vindeiro mes de xuño está prevista a celebración en Cáceres das I Xornadas Hispano-Lusas da Rede Europea de Escolas Promotoras de Saúde (REEPS). Nestas xornadas participará unha nutrida representación dos centros integrados na REEPS, polo que, no próximo número de Saudiña recibiredes cumprida información do que alí aconteceu.



- Páx. 2: A transversalidade: unha necesidade urxente, xa Narración encadeada en diapositivas ■ Páx. 2: A transversalidade: materiais de apoio ■ Páx. 3-4: Unha historia en común, ■ Páx. 5-6: Río Sarela, usos e conservación ■ Páx. 7: Igualdade de ámbolos sexos ■ Páx. 8: A educación vial como tema transversal no CP A Reigosa de Ponte-Caldelas ■ Páx. 8: II Concurso para o "Premio Nobel da Paz" do CEIP V ■ Páx. 9: Vive a natureza ■ Páx. 10-11: O Andel ■ Páx. 12-14: Comunicación educativa: "Enred@ndote con nós" ■ Páx. 15: A educación para a paz e a transversalidade ■ Páx. 15: A educación vial... interese de todos e todas ■ Páx. 16: A implantación dos materiais didácticos para prevención do consumo de drogas no ámbito escolar ■ Páx. 17: O club ecolóxico Bolbor eta: cara a unha escola ecolóxica e integrada ■ Páx. 18-20: Xogando cos contos



SAUDIÑA
Nº 5 - MAIO 1998

Tiraxe
25.000 exemplares

Edita
Xunta de Galicia
Consellería de Sanidade e Servizos Sociais
Dirección Xeral de Saúde Pública
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
Dirección Xeral de Ordenación Educativa e
Centros de Formación Profesional
Dirección Xeral de Política Lingüística

Consello de redacción

José Luis Aboal Viñas
Manuel Amigo Quintana
José Manuel Cotoledo Amado
Pilar Farjas Abadía
Eduardo Fernández Ares
Julia González-Zaera Barreal
José Luis Mira Lema
Isabel Serna Masía
Juan Carlos Yúrs Arruga

Rúa San Lázaro 107. 15771 Santiago de Compostela.
dxoefp@ceoug.org
Avda. Camiño Francés 10 baixo. 15771 Santiago de Compostela.
dxsp5@jet.es

Colaboran neste número
Seminario Permanente do Colexio A Doblada

Florentina Pelliquin Pérez
Edmundo López Saavedra
Xoán Díaz García
Juan A. Granados Loureda
Paola Somoza Díaz-Sarmiento
Manuel Antonio Fernández Domínguez
Camilo Ojea Bouzo
Xabier Vázquez Parcero
Concepción Iglesias Otero (coordinadora)
Seminario Permanente de Educ. Vial, CP A Reigosa, Ponte-Caldelas

Mª de los Ángeles Giráldez Rivero (coordinadora)
Equipo do PEC "A transversalidade no noso PCC"
CP Vinagrande, Deiro, Vilanova de Arousa

Xacobe Meléndez Fassbender
Julia Iglesias

Dolores Fernández
Fernando Bahamonte
Rafa Toro

Manuel Dios Diz
Fina Mosquera
Aurora Pazos
Antonio Rico Prieto
Enrique Iglesias López
Rosa Mª García Pazos
Isabel Sánchez Rafales
Pepa Pérez Fernández
César Martínez Yáñez
C.E.I.P. Portonovo

Xestión da edición

Manuel Amigo, Julia González-Zaera,
José Manuel Cotoledo, Juan Carlos Yúrs

Deseño, maquetación e coordinación de impresión
Permy Asociados

Fotografía do andel
Mª Isabel Longueira

Depósito legal: S.503-1997

ISSN: 1138-9117

A editorial non se fai responsable das opinións vertidas polos seus colaboradores.

A transversalidade: unha necesidade urgente, xa

Seminario permanente do
Colexio Público A Doblada-Vigo

Cando un pequeno grupo do profesorado do noso colexio, decidimos traballar nun seminario permanente co título: "Os eixes transversais no currículo" non eramos conscientes da importancia do tema que elixíramos.

Despois de moitas sesións de lectura individual, comentarios, reunións e encontros con outras persoas entusiasmadas co tema, algo ía calando en nós, contaxiándonos e asumindo a súa razón de ser na reforma educativa.

A transversalidade debe empapar, impregnar todo o deseño curricular base. Grandes temas non codificados en disciplinas, pero que reclaman a necesidade de ser inseridos en todas elas. Temas como "O medio natural", a "Educación para a paz", "O lecer", a "Igualdade entre os sexos" existen hoxe estar no fondo da transmisión de saberes tan específicos como o matemático, o lingüístico, o coñecemento do medio, etc.

O profesorado actual vive a angustia do tempo no ensino diario. O curso avanza e os programas que se deben impartir nel, agóbiannos. Cando na realidade da xornada temos no horario unha determinada disciplina e un tema concreto para impartir, a vida mesma pode a veces suscitar pasar ó primeiro termo o tratamento de algo máis vivencial, cunha motivación cen por cento, nese momento, para a asimilación dun valor transversal para impartir.

No momento que estamos a vivir, o alumnado que acode ás nosas escolas ou ós nosos colexios, está necesitado de falar, dialogar, comunicarse cos seus familiares, co seu profesorado.

Hoxe o tempo de diálogo familiar está mingando polo traballo da nai e do pai, ¿E quen senón a escola pode encher ese baleiro?



¿Cales son os temas que se deben tratar? A resposta téñena os chamados eixes transversais que a reforma educativa nos propón para inserir no currículo: a saúde, o consumo responsable, a educación vial, a solidariedade, a educación non sexista, etc.

Segundo Piaget, "os esquemas do pensamento constitúense (nos rapaces e rapazas) a través de esquemas de acción. Tráballos e coídemos os pequenos feltos de cada día: relacións entre nenos e nenas, coitado do contorno escolar, falar do que comen no tempo do recreo, o respecto entre as diferentes etnias que acoden ó colexio.

Así, o alumnado crecerá observando e captando os valores que farán o noso mundo máis habitable e tranquilo.

A transversalidade: materiais de apoio

Florentina Pelliquin Pérez
CEFOCOP de Santiago de Compostela

Tódolos e tódalas profesionais do ensino somos conscientes de que os temas transversais interesa abordalos a través das distintas áreas, inmersos na programación de aula, coordinándonos desde os distintos departamentos ou seminarios, partindo do Proxecto Curricular de Centro. Estamos favorecendo a educación integral da persoa, mellorando a formación do noso alumnado como seres que se van inserir na sociedade e que terán unha educación en valores moito máis rica; en definitiva mellorando a calidade do ensino, especialmente a calidade formativa e de enriquecemento humano do centro.

Os temas transversais deberían se-lo eixe arredor do que xire a temática das áreas curriculares.

É por iso que nos interesa contar con materiais de apoio diversos que nos axuden a supli-las deficiencias daqueles outros materiais que usamos habitualmente para o desenvolvemento do currículo nas distintas disciplinas ou áreas de ensino.

Propoño a continuación unha relación de materiais que facilitarán este labor e axudarán o profesorado a axustar-la súa programación de aula para un tratamento da transversalidade no currículo de xeito integrado.

Materiais de saúde

• A experiencia de educar para a saúde na escola:

Guías 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9 e 10, editadas pola Consellería de Sanidade e Servizos Sociais e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Guía 1 Introductoria. Temas: Educación para a saúde no PEC. Propostas de programación para a aula. Bibliografía.

Guía 2 Seis carpetas sobre: Prevención de enfermidades na escola, primeiros auxilios, alimentación.

Guía 3 Carpetas da 7 á 12 cos títulos: Consumo; Hixiene; Sexualidade; Desenvolvemento afectivo, social e físico; Capacidades persoais e as súas alteracións; Medio natural e construído.

Guía 4 O VIH/ SIDA na comunidade escolar. Diapositivas e material impreso. Vídeo "A escola é de todos"

Guía 5 Educación bucodental: Manual de saúde bucodental para o profesorado e material de traballo para o alumnado de E.I., E.P., (1º, 2º, 3º ciclos).

Guía 6 Materiais didácticos para a prevención do consumo de drogas. Introducción xeral. Aspectos metodolóxicos. Educación para a saúde no currículo de ensino

obligatorio. Socioepidemioloxía do consumo de drogas.

Guía 7 Educación primaria, 3º ciclo. Materiais. Educación infantil.

Guía 8 Educación secundaria obrigatoria. Materiais de traballo.

Guía 9 Educación secundaria obrigatoria. Educación secundaria postobrigatoria. Materiais de traballo. Vídeo "E ti... ¿como o ves?". Comportamentos sociais ante o consumo de drogas.

Guía 10 Guía didáctica de educación vial para a educación primaria. Orientacións para o profesorado e material para o alumnado.

• Materiais da fundación "La Caixa". Programa interdisciplinar "Sida, saber, axuda".

Materiais de educación vial

Editados pola Dirección Xeral de Tráfico. Ministerio de Xustiza e Interior.

• Programa de educación vial asistido por ordenador. *La bicicleta, 1996.*

• Programa de educación vial asistido por ordenador.

– *Las señales me hablan.*

– *Convivimos en la ciudad.*

– *Caminamos y viajamos por ciudad y carretera.*

• Diapositivas: *Itinerario casa-colegio. Viajando. Pedaleando.*

• *Guía del conductor de ciclomotores.*

• *Guía del peatón.*

• *Guía del ciclista.*

• *Técnicas básicas de conducción en motocicleta.*

• *El ciclomotor, todo lo que hay que saber sobre, 1993.*

• *Los talleres en la educación vial escolar, 1992.*

• *Calles, carreteras y autopistas... ¡Circulando!*

• Láminas, quebracabezas.

• Programa multimedia de educación vial (diapositivas e transparencias).

• Vídeos (Entre outros títulos):

– *El ritmo de la vida.*

– *Vivir en movimiento.*

– *Seguridad vial y juventud.*

– *Fin de semana, carrera hacia la muerte.*

– *Morir en viernes.*

– *Eres irremplazable, piénsalo.*

– *Tu coche y tu en forma.*

– *Conducción responsable del ciclomotor.*

– *O neno viaxeiro.*

– *Seguridad vial del ciclista.*

– *El motor de explosión II: Mecánica del ciclomotor.*

1. *Roles de xénero. A mitoloxía e a relixión.*
2. *A filosofía e a ciencia.*
3. *A linguaxe e os medios de comunicación.*
4. *O traballo e a escola.*

Para a educación do consumidor

- Materiais de apoio I (EI, EP, ES).
- Psicodidáctica para a educación do consumidor. Guía.
- Materiais de apoio II, 1993. Actividades con etiquetas alimentarias.

Están editados pola Xunta de Galicia. Consellería de Industria e Comercio e Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Así mesmo, no Centro de Documentación de Consumo sito na rúa Torres Quevedo, 3-5. Polígono da Greña da Coruña, hai unha nutrida bibliografía (libros, revistas e boletíns) que se poden solicitar como préstamo. Tf. 981 259 420.

No CEFOCOP está unha relación actualizada das últimas adquisicións das que este centro de documentación nos envía información puntual.

Outros materiais

Durante este curso 1997-98 celebrouse, organizada polo CEFOCOP de Santiago, unha actividade de formación que levaba por título *Xornadas de transversalidade*, e na súa fase práctica o profesorado asistente elaborou traballos interesantes para os distintos niveis de ensino: EI, EP, e ES Algúns dos títulos destes traballos son: Prevención da sida; Códigos comunicativos; A publicidade; Película para abordar-la educación en valores; a paz, vida sa, ambientación do centro escolar...

Estes traballos poden ser consultados no CEFOCOP de Santiago onde se conserva unha copia de cada un deles.

• VV.AA. (1996): *O lecer e a lingua oral.* Ed. Tambre.

Trátase dun material pensado especialmente para o profesorado de lingua galega que desexa incidir e profundar no tratamento da lingua oral, pero enfocado desde a transversalidade, especialmente o tempo de lecer, aínda que se abordan outros temas como medio ambiente, educación para a igualdade...

Neste material ofértanse propostas concretas para o alumnado e orientacións metodolóxicas para o profesorado.

Para finalizar xa, indiquemos que tódolos materiais aquí citados se poden consultar no CEFOCOP de Santiago de Compostela, e desde estas páxinas envío o meu desexo de anima-lo profesorado a seguir integrando no currículo a transversalidade, intercambia-las súas experiencias, producir materiais e utiliza-los que consideren apropiados dos xa editados.

Unha historia en común

narración encadeada en diapositivas

Edmundo López Saavedra

Xoán Díaz García

Juan A. Granados Loureda

Taller de Saúde do IES de Cambre (A Coruña)

dedicado á prevención do contaxio por VIH/SIDA

Limiar: O taller de Saúde do IES de Cambre

No IES de Cambre un grupo de profesoras e profesores estamos traballando desde hai seis anos na incorporación da educación afectiva-sexual e para a saúde nos proxectos educativo e curricular do centro. Este é un dos programas de continuidade mellor asumidos polo claustro do instituto. De feito, contamos cun numeroso grupo estable de traballo que aborda na aula temas que pensamos son do máximo interese para a formación integral do alumnado, desde a sexualidade como realidade global ata o tratamento de aspectos cruciais como a SIDA ou os problemas relacionados coa drogadicción na sociedade actual. Desde o pasado curso académico formamos parte da Rede europea de centros promotores de saúde, feito que nos permitirá sen dúbida no futuro próximo tomar contacto con colegas que teñan as mesmas inquedanzas e experiencias similares susceptibles de seren intercambiadas.

Neste contexto, solicítanse con periodicidade seminarios permanentes, grupos de traballo e cursos monográficos co fin de financia-los nosos proxectos e proporcionar ós membros do Taller a formación necesaria para progresar na súa tarefa. Así, os profesores sinalados máis arriba, tras realizar un curso de adestramento no uso dos materiais de prevención da infección por VIH/SIDA organizado pola Dirección Xeral de Saúde Pública decidimos aplicar na aula algunhas das propostas metodolóxicas que se nos propuxeron.

Como resultado, e a continuación presentámola actividade que recibiu o premio Xunta de Galicia 1997 para traballos á innovación educativa sobre temas transversais, no seu aspecto de educación para a saúde (prevención VIH/SIDA, e ETS), trátase dunha das intervencións levadas a cabo o pasado curso 96-97 no nivel de 3º de BUP. A actividade articula-se en dúas fases. Unha primeira de formación dos profesores participantes, onde coñecemos algunhas propostas metodolóxicas para fomenta-la prevención da infección e unha segunda de carácter práctico, que consistiu na aplicación dunha das propostas suxeridas no curso nas nosas aulas. Aportamos polo miúdo o desenvolvemento e avaliación de cada fase da actividade xunto con algunhas exemplificacións do material elaborado polos alumnos.

1ª fase. Formación do profesorado na metodoloxía que se vai aplicar na aula

Curso de Formación de Profesores: "Adestramento no uso dos materiais de prevención da infección por VIH/SIDA"

Actividades propostas para fomenta-la prevención da infección:

1. Detectando intereses: A caixa de intereses

Previamente a calquera tipo de intervención co noso alumnado é imprescindible que saibamos se o tema obxecto da intervención, neste caso a infección por VIH e a SIDA, suscita un interese subxectivo no grupo. Se é así, cal é ese interese, ata onde chega... en qué aspectos se concreta...

Proponse para este fin un instrumento de fácil concreción e que precisa certa habilidade (que sen dúbida adquiriremos coa práctica) para a súa interpretación, trátase da caixa de intereses. Sexa como for os datos así recollidos son sempre de grande importancia.

Recolleremos en papeletas anónimas todas aquelas expresións de curiosidade, preocupación ou medo do alumnado ante o tema que nos ocupe. Non se trata tanto de facer preguntas como de expresar dúbidas, ou aspectos sobre os que lles gustaría traballar.

O profesorado que vaia realiza-la actividade deberá elaborar este material de maneira colexiada na medida en que a intervención tamén o será.

2.O VIH e o sistema inmunolóxico. A infección por VIH

Nesta segunda sesión de traballo procuramos precisar algunhas cuestións sobre o virus de inmunodeficiencia humana así como expresa-los nosos propios temores sobre a enfermidade.

Nunha segunda parte da sesión que dirixiu o xinecólogo e coordinador da área de Planificación Familiar da Coruña, Xosé Anxo Vidal, o grupo tentou analizar criticamente algún material videográfico utilizado nos centros educativos dentro da campaña tradicional de información sobre a SIDA. Con frecuencia os vídeos, os folletos, etc. deixan ver certas ideas previas, prexuízos dos seus autores que deben de ser advertidos antes de utilizar calquera tipo de material.

3.A percepción subxectiva do risco: a tómbola

Parece claro que o coñecemento dun risco non necesariamente supón evitálo. Se analizamos polo miúdo a conducta humana, observaremos que parte dos seus obxectivos e das súas motivacións están ocultas, e a maior parte das veces son subconscientes e, en consecuencia, descoñecidas polo propio individuo.

En relación co tema concreto da infección por VIH, encontramos que hai condicionantes fundamentais das prácticas de risco, pero nestes condicionantes, a falta de información non é o principal. É máis, moitas veces nen sequera é un deles.

Tendo en conta que hoxe podemos afirmar que as prácticas individuais de risco son os principais factores que inflúen na extensión da infección, parece xustificádo que debamos traballar estes aspectos co noso alumnado.

Propónsenos unha actividade para traballarmos nas aulas a percepción subxectiva do risco: A tómbola. Trátase dun eixe vertebrador que se pretende divertido e motivador para o noso alumnado. A descrición da actividade así como os diferentes materiais necesarios para a súa realización están detallados no libro *O VIH/SIDA na comunidade escolar: Educar para previr*.

4. A convivencia con persoas portadoras do VIH a través dunha historia encadeada en diapositivas. O deseño da intervención

Sabemos que non existen razóns sanitarias para illar, marxinar ou discriminar a ninguén, porque o risco de infectarse non depende de quen se é, nin de que se é, senón do que se faga e como se faga.

Neste sentido, queremos deternos especialmente nunha das actividades propostas nesta sesión e que os profesores do IES de Cambre que participamos neste curso, decidimos realizar cos nosos alumnos e alumnas. Trátase de "unha historia encadeada". Partindo dunha situación dada, as alumnas e os alumnos deberán ir construíndo unha historia con tantos pasos como persoas haxa na clase. Cada participante engadirá unha frase á historia, frase da que tomará nota co fin de reflectila nun debuxo en diapositiva previamente preparada na clase.

Pretendemos con este material facer reflexionar ó alumnado, como contido actitudinal, sobre o concepto de discriminación, favorece-la asimilación do concepto "práctica de risco" como superación do erróneo "grupo de risco" e máis concretamente reflexionar sobre o feito de que a marxinação favorece a expansión da epidemia.

2ª fase. A aplicación da metodoloxía na aula: unha historia encadeada

A seguir aportámolo desenvolvemento completo da actividade no caso do grupo 3º de BUP A. Ademais xuntámolo resultado do guiño elaborado polo alumnado de 3º de BUP B e exemplificacións gráficas de ámbolos dous grupos.

Os materiais empregados foron: acetatos, marcos de diapositivas, rotuladores para acetatos, transparencias e fotocopias dos carteis da caixa "SIDA, saber interesa"; transparencias realizadas do libro *VIH, SIDA na comunidade escolar*. Retroproyector de transparencias, proyector de diapositivas e pantalla.

A proposta de 3º de BUP A

Participan: 24 alumnas e alumnos dos 26 que forman o total do grupo.

Desenvolvemento da actividade:

Uns minutos antes de comeza-la actividade descolocámolas mesas e as cadeiras da súa distribución habitual. Deixamos no centro un grupo de 6 mesas, todas xuntas e rodeámolas, a certa distancia, das cadeiras da aula. Colaboraron a isto os alumnos e as alumnas que se encontraban neste momento na aula. Algún mesmo de grupos diferentes. Esta operación realizouse nos minutos finais do segundo recreo.

Fotocopiámolo carteis da caixa "SIDA: saber interesa", en tamaño DIN-A3. En ocasións facían falta catro DIN-A3 para formar un só cartel noutras ocasións eran dúas "pezas" as que o compoñían... Con estas pezas sobre as mesas centrais pedímoslle ó grupo que tentasen recompo-los posters orixinais e que os pegasen pola aula.

Os alumnos responsables deste tema realizaron un traballo escrito sobre o virus e sobre a enfermidade. Mentres o resto do grupo dispoñía os carteis pola clase, Roberto e José Luis ultimaron os preparativos das transparencias e repasaron algunhas cuestións relativas ó seu traballo.

Para que a exposición non resultase moi monótona, proporcionámolles algunhas transparencias con datos e gráficos incluídos como información por eles.

"Ata hoxe, os métodos de información sobre a SIDA deron mostras dunha eficacia certa, mais aínda limitada. Esperamos que os métodos de segunda xeración, froito da experiencia xa adquirida sexan eficaces".

LUC MONTAGNIER E SAAD KHOURY
Investigadores do Instituto Pasteur



Como complemento da exposición dos alumnos o titor preparou un breve comentario a propósito do sistema inmunolóxico, a súa resposta ante agresións de axentes patóxenos, a estrutura do virus VIH e a súa acción sobre as células humanas. Utilizamos para iso o material da caixa *SIDA, saber interesa*, de La Caixa.

Previamente os alumnos responsables do tema escribían no encerado o significado dalgunhas palabras como: patóxeno, síndrome, infección, homosexual, heterosexual... e algúns nomes propios que se citarian durante a exposición: Luc Montagnier e Robert Gallo.

A exposición do traballo realizouse lendo os alumnos os folios preparados. Previamente repartiran os apartados que cada un ía expor ó resto do grupo.

Unha vez rematada esta parte da sesión, o titor pediu-lle ó grupo que formase un círculo na aula e explicoulles como íamos levar adiante a segunda parte da actividade. Íamos contar unha historia entre todos e todas, o titor comezaría lendo o inicio desta e cada un continuaría como lle parecese máis conveniente. Unha vez feito isto, pedímoslles que escribisen nun folio a frase que conformaría cada capítulo da nosa historia e que procurasen recoller nun debuxo a idea expresada.

Sabíamos que non sería posible rematar aquel mesmo día e que sería necesario elabora-lo material que resultase desta sesión.

Avaliación da fase previa:

Os traballos lidos son sempre monótonos e pouco prácticos. O grupo mantivo a atención durante a exposición dos compañeiros mais é difícil precisar que información chegou con nitidez. O segundo traballo presentado por José Luis e por Roberto era correcto, basicamente resumo do libro xa citado. Seguro que a súa realización foi proveitosa para eles.

Unha vez elaborado o material por parte do titor durante a semana transcorrida entre as dúas sesións, o grupo debía colorear e última-las diapositivas para súa proxección.

A historia completa e definitiva é a que segue:

No meu instituto as cousas parecían ocorrer de acordo cunha programación monótona e inexorable: os inicios do novo curso; os novos compañeiros e compañeiras; os novos profes; os primeiros exames, os primeiros disgustos...

Mais aquel curso do 84 foi diferente. Aínda hoxe, despois de tanto tempo, non podo deixar de sentir certo desacougo cando recordo todo o ocorrido. Foi despois das primeiras notas cando soubémo-la noticia: Xaime, o noso compañeiro de sempre, era seropositivo...

1. Despois de coñecer a noticia toda a clase sentimos un desprezo cara a el.
2. A súa moza deixouno
3. A súa familia tamén o rexeitou.
4. Pero algúns profesores facíanlle caso.
5. Deróntelle un mes de vida.
6. Proporcionáronlle medicación para prolongarlle a vida.
7. Comentoullo os seus amigos e rexeitárono.
8. Antes de deixalo súa moza, infectouna.
9. O saber que podía vivir máis tempo, ingresou nun centro de persoas con VIH, para axudar e axudarse.

10. O saber que lle quedaba pouco tempo de vida, decide divertirse e facer cousas que lle gustaban e que non fixera nunca.
11. Os seus pais preocupáronse por el e pídenlle que volva con eles.
12. Xoga ó fútbol. Volve ser feliz.
13. Decide facer unha viaxe á India.
14. Dirixe unha campaña de información sobre a SIDA.
15. Pídelle á moza que marche con el de viaxe.
16. Cando a moza se decata de que ela tamén ten a SIDA e se ve desprezada, pídelle pasa-los últimos meses xuntos.
17. Viaxan xuntos e continúan a súa relación.
18. Na viaxe non van ben as cousas entre eles e decide deixala.
19. Vólvese homosexual.
20. A moza quedara embarazada.
21. O neno nace seropositivo.
22. A moza pídelle que volva con ela e que deixe de ser homosexual.
23. Volve xuntos.
24. Por moitos anos que pasen, nunca esquecerá a Xaime e o seu tráxico final.

Despois da proxección das diapositivas definitivas, tentamos facer un torrente de ideas coas suxestións da historia que agora escoitaban completa por primeira vez, sen embargo entre o remate do material e a proxección transcorreran os 50 minutos da sesión.

Avaliación da actividade:

O grupo participou moi activamente na realización desta segunda parte da actividade. Na proxección das diapositivas fixérono, eu diría, con entusiasmo (ás veces, antes de comezar este tipo de actividades, dubido se o alumnado de 3º de BUP se sumará a este tipo de "xogos").

Cremos que a parte máis importante que sería o debate sobre as ideas contidas na historia, quedou escasa. Sen embargo, non podíamos prolongar máis as sesións dedicadas á SIDA; o final do curso está aí e hai outros temas.

Como anécdota comentamos co grupo o feito de que na historia entre tantas desgracias (os pais rexeitan, a moza déixao, os amigos non o queren...), entre tanta desesperanza, Xaime encontra nalgúns profes algún que o escoita...

Sen comentarios.

A variabilidade de resultados:

A proposta do alumnado de 3º de BUP grupo B.

"A importancia de chamarse Ernesto"

(Guión dunha historia en diapositivas orixinal de 3ºB)

- "No meu instituto as cousas parecían ocorrer de acordo cunha programación monótona e inexorable: os comezos do curso; os novos compañeiros e compañeiras; os novos profes; os primeiros exames, os primeiros disgustos... Pero aquel curso do 84 ía ser diferente. Aínda hoxe despois de tanto tempo, non podo deixar de sentir certo desacougo cando recordo todo o ocorrido.
- Foi despois das primeiras notas cando subémoslo-a noticia: Ernesto, o novo compañeiro era seropositivo..."
1. Todo comezou cando xogando ó básquet se fixo unha ferida e...
 2. Tivo que acudir ó centro de saúde.
 3. Alí fixéronlle a proba do VIH e resultou positivo.
 4. A noticia pronto se soubo por todo o Instituto.
 5. Ante a alarma suscitada, o consello escolar decidiu reunirse para tratar-lo asunto⁽¹⁾.
 6. O devandito consello asiste o pai de Ernesto.
 7. Ante o que all escolta, o pai de Ernesto encoraxínase e agradece a un membro do consello.
 8. O consello, para non precipitarse, decide convocar unha nova xuntanza.
 9. O final, decidese expulsar a Ernesto do instituto.
 10. Unha minoría de alumnos manifestábase en contra da expulsión do rapaz.
 11. Acoden ós medios de comunicación para tratar de dar a coñece-lo problema e contar coa axuda da opinión pública.
 12. Pola presión social, decidese admitilo de novo no instituto. E moitas nais (sic) indignadas impiden ós seus fillos a asistencia a clase.
 13. Ernesto cae enfermo, o VIH maniféstase.
 14. Pola súa doenza, deixa de acudir ó instituto.
 15. Ten que ser trasladado con urxencia ó hospital.
 16. Os alumnos volven á clase, o apoio a Ernesto xa non é tan minoritario.
 17. Ernesto ten unha melloría e sae do hospital.
 18. Decide volver ó instituto.
 19. Intenta volver tamén coa súa noiva e pídelle practica-lo sexo, pero ela negase por medo ó contaxio.
 20. A xente fala do caso no centro e coméntase a relación que Ernesto tiña con algúns xoves yonkies coñecidos da bisbarra. Pénsase nun contaxio por vía da droga e dunha xiringa.
 21. Ernesto volve empeorar.

22. Mentres, a maioría da xente segue a marxinalo. A súa noiva volve con el por simple compaixón.
23. A directiva do instituto termina por expulsalo do colexio alegando faltas de asistencia á clase.
24. Coa depresión que lle causa o incidente, Ernesto empeora aínda máis.
25. Entra en coma e lévanlo a UVI do hospital.
26. Os amigos do instituto acoden a visítalo en grande número.
27. Prodúcese o inevitabile pasamento de Ernesto.
28. Despois da morte, o pobo fala do caso e critica (sic) os costumes de Ernesto.

Conclusións

Os terceiros que nos tocaban en sorte foron grupos en xeral harmónicos e cohesionados. Tan só dous casos de severa timidez desvirtuaron un tanto esta primeira análise. Polo tanto, o noso abordamento desta actividade puido facerse con naturalidade e sen tensións. O nivel de colaboración dos alumnos foi certamente excelente pese ás normais reticencias do inicio, producidas polo coñecido xesto adolescente de que "xa se sabe todo sobre isto". A realidade cotiá mostroulles, como non podería ser doutra maneira, o lonxe que estamos todos de poder soste unha actitude dese calibre. Aínda que iste fose o noso único ensino, daríamonos por satisfeitos.

Sabemos que o alumnado valorou positivamente o noso intento de achegámonos ás súas inquiredanzas. Parecelles especialmente rico o debate que a intervención suscitou en tódolos casos sobre a afectividade e a natureza do amor. E, cremos, adquiriron certa humildade á hora de avaliar-lo seu propio nivel de coñecementos sobre o sexo e a saúde.

Persoalmente tamén valoramos positivamente a actividade realizada, tanto na aula como entre nós no taller. Parécenos que as súas mellores virtudes son a graficidade que permite e o seu dinamismo, polo tanto cremos que é efectiva para desenvolver-lo obxectivo deseñado para a prevención da infección por VIH na escola, aínda que recoñecemos-lo a nosa curta experiencia nestas lides e a falta de tempo para aplicar tódolos contidos previstos.

⁽¹⁾. É intervención forzada polo profesor.

A educación dos consumidores no marco da UE

Paola Somoza Díaz-Sarmiento

Xefa de Servicio de Educación e Información do IGC e membro do IEIC (Instituto Europeo Interrexional do Consumo)

A educación dos consumidores faise na actualidade máis necesaria que nunca porque estes se enfrontan a unha serie de cambios no seu contorno socioeconómico (globalización da economía, sociedade de información, introdución do euro). Todos estes cambios afectan á vida cotiá dos cidadáns en maior ou menor grao segundo o nivel individual de educación e de achegamento á información. O feito de educa-los consumidores vai permitirlles analiza-las informacións con espírito crítico. A educación dos consumidores pode contribuir a manter, na medida do posible, a cohesión social entre as diferentes categorías de consumidores facendo que os sectores sociais máis débiles ou máis vulnerables adquiran coñecementos básicos que lles permitan enfrontarse á sociedade de consumo de xeito responsable; polo tanto, a educación dos consumidores debería ir máis aló da simple transmisión de coñecementos ós individuos facéndooos conscientes das consecuencias que para a sociedade ten o seu comportamento como consumidores.

A educación dos consumidores toca de xeito transversal tódolos aspectos da vida económica e social, e está directamente afectada por determinados aspectos da posta en marcha das políticas comunitarias tales como: a seguridade alimentaria, a dos produtos, a transición do euro, a sociedade da información, os efectos de materialización do mercado interior, o consumo sostido, a prevención do sobreendebemento etc.

Fundamentos xurídicos da educación dos consumidores na UE

A educación como tal foi durante moito tempo unha competencia exclusiva dos

Estados membros. A modificación do Tratado CE polo Tratado de Maastricht asignoulle unha competencia subsidiaria á Comunidade Europea nesta materia (art. 126).

Por outra banda, a educación e a información dos consumidores son parte integrante da política dos consumidores da Comunidade Europea. O art. 129 define o acadamento dun nivel elevado de protección ós consumidores como un fin en si mesmo, e non como un efecto indirecto da lexislación relativa ó mercado interior.

O Tratado de Amsterdam permite un verdadeiro impulso á educación dos consumidores nos Estados membros, concedendo á Comunidade Europea a misión de promover-lo dereito dos consumidores á educación, ademais do dereito á información e a seren representados (art. 129A modificado). Establece así, un dereito en favor dos consumidores con relación a unha necesidade que xa foi recoñecida anteriormente en dúas resolucións do Consello.

A primeira resolución do Consello do 9 de xuño de 1986 recomendaba a introdución da educación dos consumidores nos ciclos da ensino primario e secundario, a partir de principios comúns a definir. Esta educación debía inculcar ós alumnos algúns aspectos da sociedade contemporánea que afectan ós dereitos e deberes dos consumidores.

A segunda resolución do Consello do 9 de novembro de 1995 trata da educación e a información dos consumidores. Engade a noción de educación ó longo de toda a vida ("life-long learning"), estendendo así a posibilidade da educación dos consumidores ós consumidores adultos. Por outra banda, recomenda ter en consideración os métodos e técnicas modernas de comunicación, co fin de favorecer-lo acceso dos consumidores á sociedade da información.

Situación da educación dos consumidores nos sistemas educativos dos Estados membros

A Comisión informou sobre a situación da educación dos consumidores nas escolas dos Estados membros, mediante dous cuestionarios enviados a tódolos Estados membros, o primeiro en 1993 e o segundo en 1996.

A elección dun centro escolar foi o resultado do consenso entre a Comisión e os Estados membros.

As informacións facilitadas á Comisión polos Estados membros amosan as seguintes tendencias:

- A educación dos consumidores ten unha base xurídica en oito Estados membros incluído o Estado español.
- Nalgúns países, as responsabilidades nesta materia están delegadas a unha organización de consumidores.
- De xeito xeral, a educación dos consumidores constitúe un tema transversal.
- O ensino da educación dos consumidores depende, en xeral, do nivel de compromiso dos directores dos centros escolares, así como do profesorado.
- Obsérvanse unhas carencias estruturais na organización da educación dos consumidores na maioría dos Estados membros: falta de formación adaptada ós profesores, escaseza de materiais didácticos de calidade e, en xunto, un nivel insuficiente de coñecementos de base entre os mozos que saen da escola.

A intervención da Comunidade Europea na educación dos consumidores

A Comunidade Europea ten que actuar no respecto da subsidiariedade. Debe desempeñar un papel na cooperación

entre os Estados membros, apoiando e completando a súa acción, pero sen intervir nos contidos da educación, nin na organización dos sistemas educativos nacionais.

Deste xeito, a Comisión presta apoio financeiro e loxístico cando sexa necesario a proxectos piloto de integración da educación do consumidor nos programas escolares. O primeiro destes proxectos púxose en marcha en Grecia en 1996, o segundo en Portugal en 1997 e o máis recente en España do que forman parte nunha primeira fase as Comunidades Autónomas de Cantabria, Asturias e Valencia, e no que íran integrándose paulatinamente o resto das comunidades. Co gallo de estabilizar estes proxectos no tempo, a fase de posta en marcha é financiada pola Dirección Xeral XXIV (denominada de protección dos consumidores e da súa saúde) e a extensión financiarase a través do Fondo Social Europeo. As características destes proxectos respectan as especificidades dos sistemas educativos nacionais e os desexos dos países solicitantes.

A Comisión tamén financia outros proxectos de iniciativa nacional, que implica un efecto multiplicador, tales como a formación de formadores entre o persoal docente ou o perfeccionamento de profesores xunto coa produción de materiais pedagóxicos. Favorecese así o aspecto transnacional dos proxectos.

Outra acción en favor da mocidade, no marco da escola, é o concurso europeo do xove consumidor. O concurso existe desde 1993, e está pensando para facer, de xeito lúdico, materiais pedagóxicos polos mozos e para os mozos grandes temas de consumo. O concurso 1998/1999 tratará sobre o euro.

A Comisión encargou un estudo sobre os efectos da publicidade e a mercadotecnia nos centros escolares. O informe final estará dispoñible no mes de decembro de 1998.

Río Sarela, usos e conservación

Manuel Antonio Fernández Domínguez
Camilo Ojea Bouzo

IB Xelmírez I
Santiago de Compostela

A actividade realizouse con 30 alumnos de 2º de B.U.P., da disciplina EATP de Medio Ambiente, que se imparte no Instituto Xelmírez I dentro do contexto da experiencia pedagóxica que se vén realizando no centro desde o curso 85-86.

Obxectivos xerais

- Concienciar a pais e alumnos da finitude do recurso auga.
- Adestra-los estudantes nas técnicas básicas de traballo de campo.
- Involucralos en tarefas de restauración e conservación do contorno.
- Adquisición dos conceptos elementais nos procesos involucrados no ciclo da auga.

Obxectivos específicos


- Esperta-lo interese dos veciños pola conservación e coidado do río.
- Aprender a valora-la calidade das augas.
- Incidir nos medios de comunicación como elementos importantes na divulgación dos problemas ambientais.
- Realizar labores de protección e restauración.

Programa da unidade

- O ciclo da auga. Fluxos e compartimentos.
- Ríos do mundo e ríos de Galicia. Bacias principais.
- Usos da auga: doméstico, agrícola e industrial.
- A auga nos fogares: potabilización, consumo e depuración.
- Monitoreo da auga dos ríos. Parámetros que se van estudar:
 - Físicos: temperatura, turbidez, caudal.
 - Químicos: pH, nitratos.
 - Biolóxicos: invertebrados bentónicos e vexetación de ribeira.
- A xestión dos recursos hídricos. Os plans hidrolóxicos.

Metodoloxía

- Traballo en grupos de catro alumnos para tomar como centro de estudo o río Sarela, que pasa a carón do noso centro.
- Pretest de valoración de coñecementos e actitudes previas.
- Outra saída complementaria á estación depuradora de Silvouta.
- Avaliación do traballo-informe que presentará cada grupo coas observacións feitas, os datos recollidos e as conclusións ás que cheguen trala consulta de diferentes materiais bibliográficos.



O pretest realízase con diapositivas que teñen que comenta-los alumnos antes de comeza-la actividade.



Grupo de alumnos facendo traballo de campo

Itinerario Río Sarela

O camiñar de hoxe levaranos pola ribeira do Sarela, precioso río que nace das augas da ladeira nordeste do *Monte Pedroso* nas terras da parroquia da *Peregrina*, no lugar chamado *Sarela de Arriba*. Achégase a Santiago polo norte e despois prossegue a súa andaina pola cara oeste desta cidade, indo a xuntarse coas augas do Sar —que cingue a Compostela polo leste— un pouco máis aló de *Vidán*.

Iniciáremo-lo percorrido no *Romaño*, e seguiremos sempre río abaixo ata a súa desembocadura no Sar, por unha ou outra beira segundo o tramo do río.

Pasaremos pola beira da "Finca Catalina" e o "Muíño do Romaño", pola ponte de 3 arcos e a antiga "Fábrica de curtidos Vilas", ó seu carón poderemos observar un pequeno lavadoiro moi fermoso.

Proseguiremos guiándonos polas árbores que seguen o curso do río ata o antigo "Muíño do Cuadrado", o "Muíño de Lermo" e a "Ponte do Asén". Pasaremos preto do campo de fútbol de *Santa Isabel* e da "Finca do Espiño".

Xa no *Carme de Abaixo*, cruzarémo-la ponte e continuaremos polo Ruediro de Figueiriñas e a Corredoira dos Muíños ata o camiño que bordea o "Mosteiro de San Lourenzo de Tra-souto" (fundado no 1216 polo bispo de Zamora, don Martín Arias).

Seguiremos polo lugar de *Sarela de Abaixo*, onde se atopan os restos da antiga "Fábrica de curtidos Santaló", enmarcada nun contorno rural.



Afrontarémo-lo último tramo do río: en *Vidán* cruzaremos con coidado a estrada que une Santiago e Noia, achegándonos ó termo da Ponte Vella, onde as augas do Sarela se mesturan de vagar coas do seu irmán Sar, camiño do Ulla e do Atlántico.

Actividades

- Visita a varios muíños hidráulicos "de regato" e estudo do seu funcionamento.
- Visita ós restos de antigas fábricas de curtidos e coñecemento do proceso básico de curtido do coiro.
- Observación do "bosque de galería"; comparación co bosque estudado no *Pedroso* e coas masas de repoboación.

Estudio da biodiversidade:

- Vexetación: árbores, arbustos e plantas que viven nas ribeiras dos ríos e regatos (ameneiros, bidueiros, freixos, salgueiros, narcisos, etc.).
- Fauna: peixes, anfíbios, insectos, aves acuáticas (ras, cabaliños do demo, garzas, etc.).
- Valoración do impacto humano: diversos tipos de contaminación (vertidos, lixo, ...), construcións incontroladas, etc.
- Coñecemento do contorno de Santiago e da importancia histórica do río Sarela.



APÉNDICES

A industria do curtido

Hoxe transformada e practicamente esquecida, a **industria do curtido de peles** foi unha das máis importantes de Santiago, tanto pola cantidade e o valor da produción como polo número de empregos que xeraba. Constituía o maior achega de Santiago ó mercado nacional.

As primeiras tenerías empezaron a funcionar xa no século XVIII, tendo especial relevancia a hexemonía de varias familias vascas que se estableceron en Compostela, (os Eleucegui, Harguindey, Juanatey, entre outros).

Moitas destas fábricas de curtidos situáronse nas beiras do Sarela, xa que nos procesos de macerado, limpa, depilación e lavado das peles se necesitaban grandes volumes de auga. Tamén contaban algunhas destas fábricas con *muiños de casca*, aproveitándose a forza do río para esmiza-la cortiza de diversas árbores curtintes (carballos, piñeiros, ameneiros, bidueiros, salgueiros, etc.), e así facilita-la obtención dos taninos, usados tradicionalmente no curtido de peles.


O vertido ó río era o procedemento máis utilizado para desfacerse dos residuos (altamente contaminantes, co conseguinte impacto).

Os muiños

O muiño foi no seu tempo un compoñente importantísimo na economía do contorno de Santiago. A súa figura forma parte, tamén da cultura e do folclore desta e doutras moitas partes de Galicia.

A **industria fariñeira** do Sarela tiña gran importancia. Os muiños deste río eran todos fariñeiros, e o seu caudal humilde movía máis de 30 rodicios no seu curto percorrido. A maioría deles eran de millo, pero tamén había de trigo e centeo, para abasteceren coa súa actividade ós panadeiros e labregos de toda a comarca.

Os muiños do Sarela forman parte do patrimonio cultural de Santiago e os pobos da súa comarca. A súa conservación e restauración sería unha boa forma de contribuir e reaviva-la historia esquecida e confinada á cultura dos máis vellos, desgraciadamente marxinada e infravalorada.



Carta Europea da auga

- I. Non hai vida sen auga. É un ben valioso, indispensable para tódalas actividades humanas.
- II. Os recursos de auga doce non son inesgotables. É imprescindible preservalos, controlalos e, se é posible, acrecentalos.
- III. Altera-la calidade da auga, significa prexudica-la vida do home e dos demais seres vivos que dependen dela.
- IV. A calidade da auga débese preservar en niveis axeitados á utilización á que se destine e debe satisfacer-las esixencias da saúde pública.
- V. Cando a auga, tras ser utilizada, sexa devolta ó seu medio natural, non debe por en perigo os usos ulteriores, sexan públicos ou privados, que se poidan facer dela.
- VI. A conservación dunha cuberta vexetal axeitada, preferentemente de tipo forestal é esencial para a conservación dos recursos da auga.
- VII. Os recursos de auga deben ser obxecto de inventario.
- VIII. A xestión correcta da auga debe ser obxecto dun plan deseñado polas autoridades competentes.
- IX. A conservación da auga implica un esforzo crecente de investigación científica, de formación de especialistas e de información pública.

X. A auga é un patrimonio común e o seu valor debe ser recoñecido por todos. Todo o mundo ten o deber de economizala e de utilizala con coidado.

XI. A xestión dos recursos da auga debería inscribirse no marco da bacía natural mellor que no das fronteiras administrativas e políticas.

XII. A auga non ten fronteiras. É un ben común que require da cooperación internacional.



A mala xestión da auga conduce en moitos países ó avance dos procesos de desertización

Modelo de ficha de traballo sobre valoración de impactos humanos

IMPACTOS HUMANOS	CAUSAS	CONSECUENCIAS	POSIBLES SOLUCIÓNS

Bibliografía

- BBV: Revista El Campo. Nº 132. El Agua, 1995.
- Campillo Ruiz, A.: *A auga como recurso*. Cadernos de Educación Ambiental do C.X.G. Santiago.
- Cervera, M.; Franquesa, T.: *Itinerari pel riu Toderá*. Fundació Caixa de Pensións, 1987.
- Harris, M.: *Canibales y Reyes*. Alianza Ed. Madrid, 1990.
- Lanz, K.: *El libro del agua*. Ed. Debate. Madrid, 1995.
- Pérez, X; Sanjuan, A.; Fernández, P.: *Aprendendo na Natureza*. Edicións Xerais de Galicia. Vigo, 1983.
- Postel, S.: *El último oasis*. Eds. Apóstrofe. Barcelona, 1993.
- S.G.H.N.: *Itinerarios Naturais*. Departamento de Educación do Concello de Santiago.
- UNESCO-UNEP.: *Freshwater resources*. E.E. Module. Oslo, 1992.
- WINBORNE, F.B.: *A guide to stream walking*. Raleigh, N.C. 1994.

Igualdade de ámbolos sexos

O traballo que se presenta, forma parte dunha serie de actividades desenvolvidas no CEIP S^{ta} M^ª do Castro de Cabo de Cruz (Boiro) durante os cursos 95-96 e 96-97, así como dunha serie de reflexións acontecidas co posterior resultado da análise da función docente das persoas implicadas nesta actividade.

Este traballo abarca o alumnado e profesorado de educación infantil, primaria e ó 1º ciclo da ESO e foi galardoado co premio á innovación educativa 1997 no apartado de "Educación para a igualdade de ámbolos sexos".

Xabier Vázquez Parcer o
CEIP Sta M^ª do Castro
Cabo de Cruz - BOIRO (981 84 65 55)

O noso punto de partida xorde dunha fonda concienciación das situacións discriminatorias que por razóns de sexo, a sociedade actual e a opinión pública en xeral debería combater e que nós, como ente público, asumimos no noso facer diario co compromiso de desenvolver actividades encamiñadas a conseguirla igualdade entre os sexos.

Os inicios en coeducación, temos que situalos no ano 91 en que o profesorado de educación infantil en coordinación cun grupo de ensinantes doutros niveis educativos, elaboran o proxecto "A casaña, un recurso educativo" destinado ó alumnado de educación infantil e 1º e 2º de primaria.

Este proxecto desenvólvese nas seguintes fases:

- Construción dunha casa con materiais de obra (ladrillos, cementos, tella, azulexos, plaquetas...) na que participase toda a comunidade escolar (alumnado, profesorado, persoal non docente, pais, nais, empresas locais, concello).
- Ambientación con mobiliario comunitario e material de reciclaxe.
- Actividades encamiñadas á consecución de obxectivos socializadores, coeducativos, de saúde e hixiene, alimentarios, medioambientais.

Este espazo segue a ser hoxe en día, un dos "laboratorios" máis familiares do noso alumnado para o desenvolvemento de moitas actividades encamiñadas a conseguirla igualdade entre os sexos.

Posteriormente, a elaboración do PEC no curso 95-96, autoesixíanos en certa medida unha inmediata organización das nosas pretensións canalizando na liña de identidade, unha serie de decisións realistas, orixinais e comprometedoras propias da nosa realidade escolar. Previa á formación de grupos de traballo, o equipo destinado ó apartado de coeducación, propuxo ó claustro unha formulación global de actuacións que implicase á totalidade do centro para abrir un vieiro oficial á coeducación e así, este aspecto non quedase reducido a traballos de iniciativas individuais dentro e fóra da aula e pasase a formar parte do día a día do alumnado e do profesorado.

O traballo, distribuíuse en dúas fases: unha primeira de sensibilización e análise (esta non implicaba ningún cambio na práctica), e unha segunda de investigación na que se lle daría prioridade a algún dos ámbitos identificados como problemáticos.

Desta fase, deducimos que a discriminación funcionaba dun xeito sutil, invisible e inconsciente en considerables actuacións, materiais, feitos e outras manifestacións cotiás, e que, probablemente, nos atopabamos dentro do que podería ser unha escola mixta con visos de ser unha escola coeducativa.

Situados neste punto, identificados os problemas na primeira fase, organizado o material, e formulada a liña de identidade no PEC en materia de coeducación, establecémo-las seguintes estratexias para os diferentes ámbitos de actuación:

Linguaxe pública:

Tódalas circulares do centro, levan explícito o xénero feminino así como tódolos comunicados ás familias e á administración.

Os espazos e órganos do centro cunha denominación masculina pasan a utilizar calquera destas fórmulas: sala de profesores e profesoras ou sala do profesorado, claustro de profesores e profesoras ou claustro de profesorado, asociación de pais e nais do alumnado, consello de delegados e delegadas.

Libros de texto e materiais:

Retirada de láminas de observación con representación de actitudes para cada sexo.

Análise por equipos de ciclos dos libros de texto. Comunicado ó/a representante da editorial das observacións que sobre o material se detectan.

Material elaborado polo profesorado con linguaxe e mensaxe coeducativa.

Non exposición de publicidade con roles sexuais estereotipados.

Distribución e uso do patio:

Fomento dos xogos neutros coa participación do profesorado: trompo, canicas, a corda, a goma, o pano.

Potenciación dos xogos populares de Galicia sen discriminación sexual: a carrilana, a chave, a rá, os zancos, as argolas, a billarda, os bolos, o aro de ferro.

Deporte extraescolar para alumnos e alumnas.

Incentiva-lo diálogo entre os dous sexos nos tempos de lecer.

Animación conxunta nos campiónatos de deporte escolar intercentros.

Uso do material escolar:

Reparto equitativo do material en clases de participación activa: laboratorio, sala de plástica, obradoiros, educación física.

Suprimir nas actividades as funcións secundarias de soporte, que as alumnas desempeñan en actividades grupais.

Recollida do material como unha actividade de grupo.

Oferta-la mesma oportunidade de participación ás alumnas, na exposición das súas experiencias, ideas, proxectos e calquera outro tipo de manifestación.

Manifestacións de carácter violento e afectivas.

Roles sexistas:

Identificación de agresións físicas e verbais cunha connotación sexual definida e reflectir no Regulamento do réxime interior, as sancións pertinentes.

Amoestación ós insultos de contido sexual, así como ás ameazas da mesma índole.

Actos de exhibicionismo.

Fomento das actitudes afectivas e das formas de cortesía sen caer nos estereotipos de masculinidade e feminidade.

Produccións do alumnado:

Facer partícipes ós alumnos e ás alumnas na planificación, organización e desenvolvemento de tódalas actividades encamiñadas a conseguirla igualdade entre os sexos.

Incentiva-lo alumnado no uso dos dous xéneros e das formas xenéricas nas súas producións gráficas, plásticas e verbais.

Crítica á publicidade sexista entre os compañeiros e as compañeiras.

Á marxe das estratexias anteriormente mencionadas, as distintas comisións que se forman no centro, integran nas súas actuacións os modelos e obxectivos do programa coeducativo que pretendimos desenvolver de acordo cos seguintes obxectivos:

- Tomar conciencia da existencia de valores diferenciados en razón da identidade xenérica.
- Detectar actitudes sexistas nos libros de texto e noutros ámbitos do contexto escolar e familiar.
- Explicitar valores e capacidades, fomentando o cultivo daquelas que son valiosas para a formación do ser humano.
- Fomenta-la cohesión grupal do alumnado e do profesorado.
- Desenvolve-la autonomía e identidade persoal, evitando xerarquías de valores segundo o xénero.
- Profundar na autoformación do profesorado para facilitalo tratamento curricular e os contidos transversais.

A metodoloxía empregada ten un carácter activo, fundamentada no respecto á individualidade e ás características propias de cada neno e de cada nena, valorando as iniciativas, e potenciando a creatividade tanto na proposta de actividades, como na resolución de conflitos.

Do mesmo xeito, salientámo-la importancia de abordar-la coeducación coma o eixe vertebrador das distintas áreas do currículo, sen verse illados os contidos en compartimentos estancos.

Na liña de intervención, tentamos empregar unha linguaxe precisa, que non dea lugar a ambigüidades e que aluda por igual ós dous sexos cando sexa preciso.

O equipo docente decidiu facer extensible a nosa proposta metodolóxica no ámbito da educación infantil e primaria, unificando sempre os contidos dos valores transversais cos contidos curriculares e coas liñas de identidade que conforman o PEC do noso centro, que

avoga por un ensino-aprendizaxe activo, creativo, e pluralista aproveitando sempre as tendencias naturais dos alumnos e das alumnas, facendo así que se sintan integrados na súa propia actividade.

Entre as actividades que temos desenvolvidas ata a presente na procura da igualdade entre os sexos quixera destacar:

- Selección de libros na biblioteca escolar con temática axeitada e linguaxe coeducativa.
- No Día Internacional da Muller, confeccionouse un macromural alusivo a esta efeméride e unha exposición de libros baixo o lema, AUTORA: Unha muller; PROTAGONISTA: Unha nena.
- Libro de recollida de receitas de cociña.
- O Día das Letras Galegas, exposición das obras máis coñecidas de autores e autoras da última década.
- Confección de disfraces e máscaras durante a festa do entroido, descartando calquera ridiculización que afecte á integridade de imaxe feminina ou masculina.
- Mantendo a tradición local da queima dun boneco, "O Meco", o mércos de cinza, a comisión de entroido, decidiu incluí-la figura da "Meca", dentro deste festivo como un novo elemento da igualdade dos sexos.
- O alumnado toma parte en actividades deportivas sen etiquetar certas prácticas como propias dun sexo ou de outro.
- Exposición de cartéis con mensaxes de cambio social.
- Promoción de mulleres célebres por medio de monográficos.
- Dedicá-lo Día da Muller, a unha figura galega. (Marzo 96, Concepción Arenal).
- Información sobre actividades e programas de desenvolvemento destinado ás mulleres, así como os de promoción do Día da Muller.
- Exposición da historia do movemento feminista.
- Expresión plástica coa muller como referente.
- Macrocartel con profesións en feminino, usando a técnica do grafiti.
- Exposición no vestíbulo de entrada do centro, de cento cincuenta bonecas coa asignación dunha profesión que no futuro poderán desenvolver sen ningún tipo de discriminación por cuestión de sexo. Esta exposición foi titulada MAÑÁ PODO SER. As bonecas, foron aportadas por alumnos e alumnas co mesmo nivel de participación.



• Actividades específicas en "A casaña":

- Fomenta-los hábitos alimentarios.
- Aprender a colocar unha mesa. Saber recollida.
- Elaboración de comidas sinxelas.
- Uso correcto dos materiais e utensilios de limpeza.
- Limpeza dos espazos usados.
- Ordenar caixóns.
- Utiliza-las perchas dos armarios.
- Estirar cobertores e sabas.
- Coida-lo aspecto físico.
- Inicio nos labores do fogar.
- Aprendizaxe do uso correcto dos enchufes, mandos da luz e mandos eléctricos.
- Precaución cos obxectos que podían ter perigo. Bo uso deles.
- Deixa-las cousas no lugar que les corr responde.
- Acostumarse a planificá-lo que se desexa realizar.
- Buscar e facilitar información.
- Colaborar en traballos de grupo, reparando as tarefas e comprobando o traballo de todos.
- Recoñece-lo traballo que realizan as distintas persoas do fogar.
- Respecta-las normas básicas da convivencia.
- Cultiva-los hortos con produtos que máis tarde se poidan consumir.

O traballo aquí exposto tivo como función principal impulsa-la participación do alumnado e de todo o profesorado na procura da igualdade en tódolos ámbitos. Partimos dun interese compartido consistente en favorecer-lo proceso coeducativo. A maioría das propostas de cambios desenvolvidas neste sentido puxeron a súa énfase na necesidade de conseguirla igualdade de resultados entre todo o alumnado. A través da reflexión, intentamos construír unha realidade escolar coeducativa; a participación nesta tarefa foi moi positiva non só na consecución de actividades, senón tamén na súa propia xénese e formulación.

Creemos e confiamos no traballo realizado, aínda que tamén é certo que sempre debemos de coeducarnos. O avance debe ser continuo, progresivo e ininterrompido.

A educación vial como tema transversal no CP A Reigosa de Ponte-Caldelas

Seminario permanente de educación vial
COLEXIO PÚBLICO A REIGOSA, PONTE-CALDELAS

Este ano, nada máis comeza-lo curso, asistimos ó funeral de José Antonio. Morrera en accidente de tráfico.

José Antonio era un mozo de dezanove anos que fora alumno do noso colexio. En anos anteriores outros alumnos de idades semellantes á súa morreron tamén en accidente de tráfico.

Vendo este doloroso panorama os mestres consideramos que a educación vial ten que ser imprescindible dentro do noso currículo. Intentamos motivarnos ó máximo para introduci-la educación vial no noso PCC adaptándoa ós distintos niveis, e axudounos neste sentido a formación dun SEMINARIO PERMANENTE SOBRE EDUCACIÓN VIAL dependente do CEFOCOP de Pontevedra. Tamén solicitamos axuda á DIRECCIÓN XERAL DE TRÁFICO. O seminario obrigounos a confeccionar un proxecto, recadar información, seleccionar material, tomar decisións, chegar a acordos, etc.

A Dirección Xeral de Tráfico prestounos rapidamente axuda ó pedirlla, enviándonos un amplo e variado material consistente en: películas, manuais, unidades didácticas, quebracabezas, murais, etc.

Faciase necesario partir da realidade dos nosos alumnos. Elaboramos unha serie de cuestionarios que, xunto con conversas mantidas con eles, nos permitiron chegar ás seguintes conclusións: había que centra-lo traballo en dous puntos: por unha banda estaba todo o que se refire ás informacións e por outra, a actitude dos rapaces sobre o noso tema, isto podémolo resumir no seguinte cadro:

Procuramos en todo momento a convivencia de tódolos rapaces do centro. Unha experiencia que cremos que resultou moi positiva neste sentido foi a da bicicleta. Tratabase de que un grupo de alumnos de 1º de ESO falaran ó resto dos rapaces do centro. Formáronse catro equipos que prepararon distintos temas sobre a bicicleta. Así, por exemplo o primeiro grupo expuxo "A bicicleta e as súas partes", para o que un

O QUE ELES PENSABAN OU SABÍAN	O QUE NÓS PRETENDIAMOS
<p>Actitude</p> <p>En xeral, o seu pensamento era o seguinte:</p> <ul style="list-style-type: none"> ■ Asociar valentía con velocidade, non segui-las normas de tráfico, etc. ■ O cumprimento das normas supuña en ocasións falta de personalidade, como a vergoña ó poñerse o casco. ■ O mellor coche é o máis potente, a mellor moto é a que ten máis cilindrada. 	<p>Actitude</p> <ul style="list-style-type: none"> ■ Valorar tanto a vida dos demais como a propia. ■ Fomentar actitudes de respecto cara a distintos estilos de vida. ■ Respetto ás persoas de contorno. ■ Concienciar sobre a necesidade de segui-las normas de tráfico. ■ Crear hábitos en educación vial que se traduzan en hábitos saudables.
<p>Coñecementos</p> <ul style="list-style-type: none"> ■ Escaso vocabulario sobre o tema. ■ Pouco ou ningún coñecemento das normas de circulación. ■ Polo xeral non diferencian os distintos tipos de sinais aínda que coñezan as máis usuais. ■ Comportamento inadecuado nos medios de transporte que usan, en especial, no transporte escolar. 	<p>Coñecementos</p> <ul style="list-style-type: none"> ■ Domina-lo vocabulario básico do tema. ■ Coñece-lo significado dos sinais de tráfico, as súas formas e cores. ■ Conseguir comportarse segundo as normas. ■ Uso correcto dos medios de transporte. ■ Creación de actitudes.

alumno trouxo a súa bicicleta á clase e cos seus compañeiros foron indicando as distintas partes da bicicleta e a súa función. Nós decatámonos desde o primeiro momento da atención que prestaba o resto dos alumnos. Fixeron preguntas, saíron a sinala-las partes, etc. A continuación, outro equipo contou dunha forma resumida a historia da bicicleta. Tamén isto foi de interese. E para rematar, os outros equipos faláron sobre as normas e a seguridade en bicicleta. Isto fíxose agrupando preescolar, 1º, 2º, 3º, e 4º e por outra banda 5º, 6º, 1º e 2º de ESO.

Os alumnos de 1º de ESO estaban encantados sentíndose protagonistas e ós demais a novidade motivounos de forma que os de 2º de ESO xa están preparando o seu tema. Ó final todos fixeron un traballo por escrito adecuado a cada nivel. Tódolos rapaces estaban contentos e ademais nesa tarde celebrouse o entroido no colexio e todos se disfrazaron.

Avaliación

Agora no mes de marzo podemos dicir que esta experiencia resultou moi positiva para o centro e favoreceu-no en canto a:

- A convivencia entre mestres e alumnos sobre un tema común.
- Constatamos que efectivamente a escola para a vida, é dicir, con temas útiles e cercanos resulta motivadora e enriquecedora para o centro xeral.
- En canto ós obxectivos propostos con este proxecto, cremos que conseguimos metas nos contidos e os nenos están agora máis informados. Pero o verdadeiramente importante para nós sería acadar un cambio real na mentalidade dos nosos alumnos á que non se pode chegar se non é mediante traballo constante e diario.

Educación para a paz

II Concurso para o "Premio Nobel da Paz" do CEIP Viñagrande-Deir o

Equipo do PEC
"A transversalidade no noso PEC"
CEIP VIÑAGRANDE-DEIRO
36620 Vilanova de Arousa
Tel e fax 986 554 527

No CEIP Viñagrande-Deiro coa implantación da ESO no curso 96-97, propuxémos-nos un modelo de intervención para explicitar valores dentro da área de Educación para a Paz. De sempre, víñase celebrando a semana da Paz, a derradeira de xaneiro, que culminaba coa festa do día 30. Todo o alumnado participa en xogos cooperativos, traballos plásticos e escritos, e no lanzamento do globo da paz, confeccionado con papeis de cores.

Nestes dous últimos cursos organizase este concurso para os grupos da ESO, e no presente ano estendeuse ó terceiro ciclo de Primaria.



Xustificación

Preténdese potenciar valores positivos de afectividade, comprensión, tolerancia, sensibilidade, xenerosidade, solidariedade entre o alumnado do último ciclo de Primaria e o 1º de ESO, para contrarrestar-las

efectos de sobreexposición a modelos de conducta negativos exhibidos polos medios de comunicación e tan abundantes no contorno próximo.

O equipo docente comeza por establecer unhas bases e un procedemento destinados a elixi-la persoa ou persoas, de entre o conxunto do alumnado, que se estimen posuidoras de características positivas.

Á vez que se divulgan estas bases e mailo procedemento de elección, hai que face-lo labor de explicación en cada grupo/aula ós participantes.

A exposición do/a docente non se limitará a aclarar-lo proceso da actividade, senón que tamén còmpre traballa-los conceptos. Tales como:

- Valores positivos (xenerosidade, solidariedade, comprensión, tolerancia, afectividade...).
- Actividades positivas.
- Actividades negativas.
- Modelos de conducta potenciados polos medios de comunicación.
- Premio Nobel da Paz.

Neste último, é preciso facer unha reseña cara a: ¿Que son?, ¿Cal é a súa orixe?, ¿Quen os entrega?, ¿Onde?, ¿Por que?

Normalmente, os rapaces e rapazas que desfrutan do liderado nos grupos non sobresaen polas súas características de boa persoa, senón que son máis ben razóns de competitividade, presenza física, procedencia social e situación económica as que sosteñen este "prestixio". E así, deste xeito, a escola contribúe a asentar estes valores menos recomendables, aínda que só por omisión dos outros.

Descrición ou desenvolvemento da actividade

O equipo docente reúne-se para organiza-lo proceso e establecer criterios comúns na aplicación da proposta.

Redacción e publicación da convocatoria do concurso.

Difusión "explicada" entre o alumnado correspondente.

Presentación de candidaturas avaladas por un mínimo de cinco persoas dentro do prazo fixado.

O equipo docente reúne-se para revisa-la veracidade das candidaturas presentadas.

Proclamación das candidaturas "aptas".

Procédese á elección democrática entre as candidaturas válidas.

A mesa ha de estar formalmente constituída, presidida pola dirección do centro e no noso caso, a persoa do censo do alumnado participante de máis idade e de menor idade.

Reconto de votos, levantamento da acta correspondente e proclamación do/a gañador/a.

Entrega de diploma acreditativo e agasallo. O premio leva canda si o recoñecemento explícito de representación honorífica do alumnado do centro, cando e onde sexa mester.

B A S E S

II CONCURSO PARA "PREMIO NOBEL DA PAZ"
DO CEIP DE VIÑAGRANDE-DEIRO DE 1998



11 ANOS DE EDUCACIÓN AMBIENTAL NO CONCELLO DE BETANZOS

Vive a natureza

Xacobe Meléndrez Fassbender
Promotor e ex-xerente de Cem, Soc. Coop. Ltda.

¿Cando?

Era aló polo ano 1987, despois dun campamento de aire libre e deportes no que o medioambiente cobrou un protagonismo especial, e foron os propios pais e nais os que animaron a que a esta iniciativa de educación ambiental (EA), tivera continuidade. Presentouse daquela o programa "Vive a natureza", nun concello peculiar, a medio camiño entre o rural e o urbano (12.000 habitantes). Un goberno municipal que non amosaba unha "especial" sensibilidade cara ós problemas medioambientais apróboo e acólleo na concellería de Cultura e Deportes, que xa daquela dirixía Francisco Díaz Pereira (Pachico) que desde entón apostou polo proxecto.

¿Para?

Nos seus comezos o programa era moi sinxelo e pouco ambicioso, partindo duns obxectivos xerais centrados non só no coñecemento das ciencias naturais e no deporte en contacto coa natureza, senón tamén na educación de persoas integradas nun medio ó que debía aprender a respectar para poder respectarse a si mesmos, e que está formado por un entramado de seres e sistemas en estreita e íntegra relación. O programa publicitaba como outro dos seus obxectivos, xa nos primeiros anos, a mellora na calidade das relacións entre as persoas que participaran nel, rachando moldes e estereotipos negativos (violencia, sexismo, discriminación...). Outro dos alicerces do programa é o coñecemento, a análise crítica das relacións sociedade-natureza e a formulación de alternativas.

¿Que?

No primeiro ano comézase por realizar unha serie de saídas ecolóxico-culturais que xiran arredor de un ou varios núcleos de interese: os bosques galegos, enerxías alternativas, paso migratorio de aves, tradicións, construcións populares, modelado granítico, análise dun vertedoiro... nas que se aproveita todo o material didáctico que vai ofrecendo o medio e que se completa con textos (colección de cadernos multiplicados chamados *Lontra*), fichas, mapas xogos... En tódalas saídas analízase a problemática da zona contando, en moitas ocasións, coa colaboración de veciños e entidades ecoloxistas, culturais... da bisbarra.

De seguido faise patente a necesidade de buscar espazos onde tratar con maior profundidade os temas vistos nas saídas. Para conseguilo programáanse dúas actividades novas para o curso 1988-89: *O Obradoiro de Natureza* (o termo medioambiente aínda xeraba resentimentos e decidimos evitalo), con seccións de debate de prensa, correspondencia, accións na rúa (campanha de árbores de Nadal) e na natureza (caixas-niño, plantacións...), recíartesanía (papel reciclado, encadernación...) co tempo esta actividade estenderíase, de forma exitosa, ás parroquias do rural brigantino. E os *Cursos dirixidos a un espectro maior de participantes*, con relatores de grande prestixio como Luís Míguez (bioloxía mariña), Vidal Romani e Isabel Nieto (xeomorfoloxía), e xoves ecoloxistas como Pedro Alonso (ERVA) ou Ramón F. Ramón (hábitat) e tantas outras persoas que aportaron o seu grao de area.

O programa comeza a redondearse cando, despois de varios anos de intentalo, se inicia a colaboración coa escola. No curso 1989-90 "Vive a natureza" comeza a súa andadura na educación formal de xeito experimental, grazas á sensibilidade e entusiasmo do seminario



de secundaria de EXB do C.P. Vales Villamarín. Inicialmente trátase de facilitala "ferramenta" para levar adiante o currículo deseñado polas propias mestras, utilizando a metodoloxía da E.A. para acadalo nos seus obxectivos. Hoxe en día o programa chega tanto á infantil e á primaria como á ESO. Por desgracia, e dada a ampliación da participación con máis mestres e a integración e interese desigual que presentaba, agora oférense actividades pechadas, seleccionadas previamente segundo os niveis, sendo de destaca-los grandes xogos de simulación que se veñen deseñando e aplicando desde o ano 1992.

As últimas actividades que se incorporaron ó programa son as hortas escolares para educación infantil e a participación cun pequeno espazo semanal de divulgación na emisora municipal de Betanzos.

¿Quen?

Para que todo isto saíse adiante foi imprescindible a ilusión e dedicación de moitas persoas, persoas que só traballaron voluntariamente ó principio, xa que pronto o equipo de monitores foi demandado para implantar outros programas de E.A. en colexios, asociacións, concellos e outras institucións fóra de Betanzos; entón a dedicación requirida fixo insostible esta situación. Apostouse pola profesionalización que tardou en dignificarse (e aínda lles queda moito que traballar ós que continúan o proxecto), primeiro baixo o soporte legal dunha sociedade civil e posteriormente como a sociedade cooperativa limitada Cem, que na actualidade conta cunha amplísima experiencia e na que ademais das áreas de Educación Ambiental (cun apartado importante de formación de formadores) e de intervención social, estase irrompendo no campo do estudio, planificación e promoción ambiental, con traballos de campo e gabinete para institucións e grandes consultorías.

¿Valeu?

Os mozos de Betanzos disfrutaron nos últimos 11 anos do privilexio de incorporar á súa formación referencias críticas

avanzadas respecto á sociedade e ó medio. Quizais tan só un grao de area na súa aprendizaxe que xa se veu reflectindo, timidamente, na constitución de efémeros grupos ecoloxistas (Cygnus, ADEGA-Betanzos) ou na reprodución de actividades do programa en entidades sociais brigantinas (Cruz Vermella, actividades parroquiais, instituto de FP...). A avaliación do labor de tódalas persoas que participamos co noso traballo en "Vive a natureza", así como do programa en si, resultame difícil e quizais só a propia sociedade brigantina poida facela. Témo-la esperanza de que polo menos parte do que pretendimos ensinar aflore nas vidas das rapazas e rapaces, e nós quedamos coa satisfacción de todo o que aprendimos no proceso e coa lembranza dos bos momentos que disfrutamos xuntos.

Educación ambiental en Galicia

A sensibilidade ecoloxista do medio social no que se integra este programa ten evolucionado desde 1987. Non cabe dúbida de que "Vive a natureza" ten contribuído tamén a sensibilizar a adultos: profesionais, técnicos, políticos... tal e como vén ocorrendo en todo o país. Mais, a degradación da natureza parece avanzar con igual ou maior celeridade. Non abonda con aprender utilízala linguaxe da conservación para convencer nos de que todo está baixo control. É preciso que o propio tecido social interveña para sanea-las relacións sociedade-natureza. Debemos formar e autoformarnos como individuos con capacidade crítica e de intervención. A propia administración debe perde-lo medo e apostar por isto, sendo valente e realmente transparente na información ambiental, e investindo, con decisión para paliar-los déficits que arrastramos en educación ambiental, escaseza de infraestructuras, publicacións... e de recursos humanos que, paradoxalmente, hoxe temos dispoñibles e que se debe aproveitar sen caer na tentación de pasar por riba do movemento asociativo, ó que se debe apoiar con efectividade, e utilizando nos proxectos institucionais ós profesionais que o sector leva formando desde hai tempo. Para iso é fundamental o traballo fortemente coordinado das Consellerías de Educación, Xuventude, Sanidade, Medio Ambiente, Industria e outras administracións.

Saudiña

Periódico dos temas
transversais do currículo

Rúa San Lázaro 107
15771 Santiago de Compostela
dxoefp@ceoug.org

Avda. Camiño Francés 10, baixo
15771 Santiago de Compostela
dxsp5@jet.es

ISSN: 1138-9117





O ANDEL



A DOAZÓN E O TRANSPLANTE DE ÓRGANOS EN GALICIA

Trátase dun suxerente vídeo informativo e motivador, duns 20 minutos de duración sobre todo o que ten que ver coa doazón e transplante de órganos, exemplo singular de solidariedade coas persoas que, esperanzadas, agardan a posibilidade desde tratamento, ante enfermidades que só poden ser tratadas mediante o transplante.

En España, a doazón e o transplante de órganos está regulada por lei para garanti-la igualdade de oportunidades de ser transplantado, independentemente da condición social, e a graitude dos ditos tratamentos a través do sistema público de saúde.

En Galicia, acadamos na actualidade unha das taxas de doadores máis elevadas do mundo, aínda que é preciso seguir mellorándoas xa que, sen doazón non hai transplante.

Pódense solicitar exemplares, **gratuitos**, á Oficina de Coordinación de Transplantes (OCT) na Consellería de Sanidade, Edificio Administrativo, S. Lázaro s/n. 15771 SANTIAGO.

EXPLORANDO QUÉ ES CONSUMO

Autora: Nieves Álvarez Martín

Edita: Gobierno de Cantabria.
Consejería de Sanidad, Consumo y Bienestar Social

Santander, 1998

Aínda que tódolos temas de consumo poder ser de utilidade para abordar dentro e fóra da aula a educación do consumidor nos diferentes niveis educativos, o certo é que uns temas son máis idóneos ca outros, dependendo da idade.

O presente material didáctico de apoio está dirixido á educación primaria. Escolleuse o tema "*Alimentación e nutrición*" como exemplificación para desenvolver a actividade educativa no primeiro ciclo de primaria. A actividade "*Alimentos, golosinas y chucherías*" ten como obxectivo presentar alternativas válidas ó abondoso consumo de doces e lambetadas e ir creando bases sólidas para que o alumno descubra a importancia de se alimentar de xeito equilibrado.

O vestuario, o calzado e todo o relacionado coa imaxe persoal está cada vez máis presente na aula. Os alumnos do segundo ciclo de primaria están influenciados por esa cultura dos "maiores". A finalidade é, por unha banda, actuar de xeito preventivo perante o fenómeno do marquismo e, doutra, valora-la importancia do vestuario e como usalo de forma axeitada.

"*Ecoloxía e consumo*" é o tema elixido para o terceiro ciclo. As actividades están relacionadas co proxecto "ecoconsumo" e ten como obxectivo que os alumnos e alumnas sexan conscientes de que as nosas decisións inflúen sobre o medio, e que reflexionen sobre a importancia de reducir, reciclar e reutilizar como unha decisión de consumo.

As solicitudes en **réxime de préstamo**, dirixiranse ó Centro de Documentación do IGC, Rúa Torres Quevedo, 3-5, Polígono da Grela, A Coruña
Tel. 981 25 94 20 • Fax 981 25 94 24

Responsable do Centro de Documentación:
Santiago Alonso Ricoy



LA OTRA MIRADA A LA TELE

Pistas para un consumo inteligente de la televisión

Edita: Junta de Andalucía
Consejería de Trabajo e Industria
Dir. Gral. de Consumo y Cooperación Económica
Sevilla, 1997

O século que remata é, sen dúbida, o século da comunicación, da imaxe, das luces e das sombras, da sociedade de consumo, do lixo e dos "reality show", do imperio do efémero e da realidade virtual. Xa non se venden produtos, véndense sensacións.

La otra mirada a la tele é unha publicación que invita a reflexionar sobre un consumo "intelixente" dos

novos medios de comunicación e en especial da televisión, que son o reflexo dunhas novas mensaxes con discursos específicos que é necesario coñecer e saber interpretar. Está dirixida a pais, profesores e a cidadáns en xeral.

As solicitudes en **réxime de préstamo**, dirixiranse ó Centro de Documentación do IGC, Rúa Torres Quevedo, 3-5, Polígono da Grela, A Coruña
Tel. 981 25 94 20 • Fax 981 25 94 24

Responsable do Centro de Documentación:
Santiago Alonso Ricoy

PROGRAMA GALEGO DE SAÚDE BUCODENTAL

Folleto informativo para pais

O folleto, distribuído xa nas escolas no pasado trimestre, baixo o lema: "Coide os dentes dos seus fillos, son para toda a vida", ten a intención de facilita-la comunicación e unidade de acción cos pais, nais e titores do alumnado, cara a un proceso de ensino-aprendizaxe participado polo conxunto dos componentes da comunidade educativa, no marco do Programa Galego de Saúde Bucodental.

Se se precisa, é posible solicitar máis exemplares, chamando ós seguintes teléfonos:

A CORUÑA
981 18 58 47
981 18 58 00


LUGO
982 29 41 17
982 29 41 14

OURENSE
988 38 63 50
988 38 63 51

PONTEVEDRA
986 80 58 25
986 80 58 00



O ANDEL



GUÍA DIDÁCTICA DA EDUCACIÓN VIAL PARA A EDUCACIÓN PRIMARIA

A experiencia de educar para a saúde na escola. Tomo nº 10



A práctica educativa obriga a levar a cabo unha selección de obxectivos e contidos que se adapten ó desenvolvemento evolutivo no que se encontran os suxeitos ós que se dirixa un programa específico de educación vial, e a ter en conta as situacións de tráfico máis habituais na zona na que os escolares desenvolven a súa actividade vial.

A presente guía que a Dirección Xeral de Tráfico, a Dirección Xeral de Política Lingüística e a Dirección Xeral de Saúde Pública, ofertan ó profesorado da educación primaria, pretende dar satisfacción ás anteriores demandas atendendo ós aspectos teóricos e prácticos que conforman os programas de ensino-aprendizaxe da educación vial.

A obra estrutúrase en dous apartados nos que se tratan os seguintes temas:

- No primeiro, despois de analiza-los antecedentes, concepto e xustificación da educación vial, expónse cómo foron integrados os seus obxectivos e contidos nas áreas que compoñen o currículo da educación primaria.

Posteriormente, e despois de analiza-los comportamentos viais e o desenvolvemento evolutivo dos alumnos desta etapa educativa, determinanse as orientacións didácticas e metodolóxicas, os criterios relacionados co desenvolvemento do proxecto educativo de centro e do proxecto curricular, e a secuenciación por ciclos de obxectivos, contidos e criterios de avaliación.

- No segundo, preséntanse tres unidades didácticas nas que se adapta a anterior secuenciación ós tres ciclos da etapa e ás características propias de determinados centros, suxeríndose diversas actividades que poden ser de utilidade ós docentes nas súas programacións. Tralo desenvolvemento de cada unidade didáctica ofértanse editadas en formato A-4, para seren fotocopiadas e aplicadas directamente na aula, as correspondentes exemplificacións nas que se concretan algún dos obxectivos, contidos e actividades expostas na programación xeral presentada anteriormente.

A presente obra foi xa enviada, no pasado ano 1997, ós centros escolares de oito e máis unidades. Existen uns 250 exemplares que se poden solicitar á Dirección Xeral de Saúde Pública, Avda. Camiño Francés 10, baixo. 15771 Santiago de Compostela.

DISPOSITIVOS DE RETENCIÓN INFANTIL DENTRO DO AUTOMÓVIL

Guía dirixida ós pais

Edita: Tipo de material: impreso

Ano de edición: 1996

NIPO: 062-96-048-3

Destinatarios: pais

Co fin de reduci-lo número de accidentes infantís (0-12 anos), a Dirección Xeral de Tráfico, edita esta guía para promove-lo bo uso dos dispositivos de retención a través da concienciación dos pais, responsables directos da seguridade dos nenos nestas idades.

Pódense solicitar exemplares **gratuitamente**

Guía dirixida a pediatras e persoal sanitario

Tipo de material: impreso

Ano de edición: 1996

NIPO: 062-96-049-9

Destinatarios: pediatras e persoal sanitario

No mesmo marco que a anterior, preténdese informar ós pediatras e persoal sanitario para que, desde as súas consultas, concien e informen ós pais dos riscos que entraña leva-los nenos no automóbil sen usar dispositivos de retención.

ás Xefaturas Provinciais de Tráfico



GUÍA DEL CICLISTA

Tipo de material: impreso

NIPO: 062-96-053-8 (3ª edición)

Nº páxinas: 45

Destinatarios principais: ciclistas en xeral

Preséntanse contidos teórico-prácticos relativos ó uso de bicicleta. Recolle as normas fundamentais de conducción de bicicletas, as prohibicións máis usuais e un resumo dos sinais de tráfico, cun recordatorio das normas esenciais de comportamento na circulación e aqueles sinais que máis directamente afectan ó uso das vías como ciclistas.

Pódese solicitar exemplares **gratuitamente** ás Xefaturas Provinciais de Tráfico

Comunicación educativa: “Enred@ndote con nós”

Julia Iglesias, IES Politécnico de Vigo

Dolor es Ferández, IES Gondomar

Fernando Bahamonte, CP Altamar

Rafa Toro, IES Politécnico de Vigo

1. INTRODUCCIÓN

O que imos presentar nesta introducción é unha pequena mostra-resumo do que foi unha singular andaina no curso 96-97 realizada por catro profesores, de tres centros de diferente tipo:

- Un colexio de primaria, con alumnos de primeiro ciclo de secundaria: CP Altamar de Vigo.
- Un instituto de bacharelato: IES Gondomar.
- Un instituto de secundaria: IES Politécnico de Vigo.

Contamos cun par de centos de alumnos e uns poucos ordenadores e modems das nosas aulas de informática. Os datos concretos sobre os custos do material, os contidos curriculares, as actividades realizadas, as mensaxes e textos que nós enviamos etc. están á vosa disposición nun dossier en formato web que podeades atopar en:

<http://www.arrakis.es/~juliai/portada.htm>

Pensamos que estes datos poden servos de especial utilidade, xa que tanto os textos, como as fotos e demais material en formato electrónico se poden manipular. Tamén entregamos unha copia en formato dossier-papel.

Xustificación

A comunicación por medio dun ordenador paréceunos un camiño sen volta atrás no mundo actual, e pensamos que moi pronto os contidos educativos deberán incorporar esta ferramenta tan poderosa.

Na nosa realidade os alumnos demandan cada vez máis unha formación axeitada ós novos tempos e, tendo en conta que somos profesores de informática, pareceunos que era o momento preciso para levar a cabo tódolos proxectos no tema da comunicación; proxectos que por outro lado xa viñamos tramando desde tempo atrás nos que os medios tanto económicos como materiais non nolo permitían. Engadimos agora as vantaxes da dispoñibilidade do alumnado e doutros centros que coma nós comezaban a súa andaina pola rede.

Por iso decidimos dar un paso adiante, a pesar dos nosos escasos medios, e dunha vez por todas asomarnos co nosos alumnos ó excitante mundo das comunicacións.

Un pouco de historia

O Cefocop de Vigo, impartiu un curso sobre comunicacións vía ordenadores alá polo mes de xuño do 96, no que trataba de introducirnos no mundo das redes informáticas e dárno-los coñecementos suficientes para conectarnos entre os centros de traballo. Cando rematou o curso, os profesores/as seguimos comunicándonos por medio da BBS de “Radio Maceda” na rede FIDONET, nunha área chamada Cefo, e desas primeiras mensaxes xurdiu a idea de facer chats cos nosos alumnos de informática para o curso 96-97.

E nesas tardes calorosas do verán, tramámo-lo que máis tarde se convertería nun proxecto cheo de ilusión: “Conecta-los nosos centros mediante modem”, e o máis importante, conecta-los nosos alumnos mediante os ordenadores cos que xa traballaban nas aulas de informática. Fomos só catro os atrevidos: Mariló, Julia, Fernando e Rafa.

Alá polo mes de setembro comezamos a insistir nos respectivos equipos directivos para que nos mercasen un módem e nos puxesen a conexión telefónica na aula e acordamos que mentres poñiamos todo

a punto, cada un de nós establecería unhas actividades e temas relacionados que nos permitisen ir encastrando a actividade.

De cómo foron aquelas primeiras horas poderíamos falar extensamente sobre a morea de problemas que nos viñan xurdindo a diario. Resulta moi difícil resumir tódalas actividades que levabamos a cabo cada un dos centros, pois debido a que traballabamos nuns niveis educativos moi distintos tivemos que adapta-los temarios ás necesidades de cada etapa educativa.

A experiencia

Por facer un esquema:

IES Gondomar, 3º BUP, EA TP

Dado que xa estudiaran informática no curso anterior, o seu coñecemento do ordenador viña a ser suficiente para poder falarlles con máis tecnicismos. Comezamos pois cunhas clases teóricas sobre hardware e software necesarios para establecer conexións mediante PC's. Fixemos un glosario de termos usuais e vimo-la película “A rede”.

Falamos sobre os smileys, os tags e da “netiqueta”. Os alumnos fixeron un traballo documental sobre modems.

Paralelamente, mercamos uns cables de modem nulo que conectamos ó porto serie e permitiuos conectar 10 ordenadores dous a dous e, desafortunadamente, configurámo-lo soft e familiarizámonos co sistema de chat.

CP Altamar, 6º de primaria, 1º ESO e 8º de EXB

Como eran os máis pequenos, comezaron familiarizándose co teclado, cun programa mecanográfico para aprender a escribir con tódolos dedos. Explíciúlles-lo que era un modem, cómo se conecta ó ordenador, e os protocolos nuns termos sinxelos.

Conectamos con Infovía e entramos en todo o que se podía curiosar sen ter Internet e cun só ordenador.

IFP Politécnico, 4º ESO e alumnos xordos

No DCB da materia Introducción á tecnoloxía informática, existe unha unidade didáctica dedicada ó tema das comunicacións. Así que despois dunha introducción ó Windows decidimos desenvolver esta unidade. Comezamos tamén proxectando a película “A rede”, e introducímo-los alumnos nos termos informáticos relacionados co tema.

E coma eles fixemos chat entre nós con cables de modem nulo.

Tomando contacto

Quincenalmente fixemos reunións que nos permitiron segui-la marcha do curso, e cando os tres centros tiñan todo disposto, concretámo-los días e as horas das conexións. Desta etapa, podemos destacar sen ningunha dúbida, o nerviosismo das primeiras conexións, a emoción que tiñamos todos ó descubrir que podíamos falar mediante o teclado e a pantalla dunha forma tan sinxela, e como só tiñamos un ordenador conectado, o resto dos alumnos seguía a marcha normal da clase, e ó grupo que lle tocaba facía chat pola súa conta, sempre conectados de dous en dous.

Gardamos daquela unha morea de capturas de conversas dos rapaces cheas de faltas de ortografía, de temas variopintos e moi curiosos, de moitas anécdotas que nos facían rir inevitablemente.

Durante dous meses os alumnos fóronse afacendo a este novo sistema de comunicarse, fixeron amizade entre eles, aínda que non se coñecían persoalmente e o bip do modem empezouse a converter en algo familiar para eles.

En novembro, xurdiu a posibilidade de ir de visita ó CACTI, Centro de Axuda Científica e Tecnolóxica da Universidade de Vigo, que puxo á nosa disposición a súa aula con vinte ordenadores e conexión a Internet. Só puideron ir-los de Gondomar, aínda que os outros profesores, Julia e mais Fernando participaron na visita. As clases anteriores dedicáronas a estudia-la Rede, os buscadores, os webs, as direccións electrónicas e os rapaces aprenderon a manexa-lo Netscape para poder navegar ese día. Estiveron dúas horas conectados, e logo enviaron mails cun saúdo á dirección persoal da súa profesora, e á emisora Os 40 Principais, que lles agradeceu persoalmente o detalle esa mesma noite nun programa radiofónico en directo.

Viaxando pola rede

A mediados de febreiro, decidimos que xa estabamos todos en condicións de conectarnos a Internet desde a aula, e unha vez que eliximos un servidor barato comezámo-los preparativos.

Tiñamos en proxecto tres cousas:

- O multichat (para poder fala-los tres centros á vez)
- A mensaxería electrónica.
- As páxinas webs, polo de agora, parecíannos un proxecto moi ambicioso.

O servidor de IRC máis popular era IRC Hispano, pero debido á cantidade de xente que o utilizaba, decidimos buscar outro máis axeitado ás nosas necesidades. Vieiros (distrito galego de Internet) e o CIS (empresa de informática) deixáronnos utiliza-lo seu servidor de forma totalmente gratuíta, e comezamos a fala-los tres á vez tódolos venres.

Deste xeito, comezamos a estudia-la posibilidade de amplia-lo noso círculo comunicativo, debido entre outras cousas a que o prezo da conexión era de tarifa local.

Atopar outros institutos e colexios que estivesen interesados non foi tarefa sinxela, debido á desinformación que tiñamos uns dos outros. A través do mail entre profesores e amigos, fomos confeccionando unha lista de centros interesados, e que coma nós, pensaban no interesante que podía ser para todos facer unha “quedada” virtual a través do ordenador.

Pasamos moito tempo nos preparativos, centos de mails entre os profes, chats entre Ferrol, Lugo e Vigo para falar de cómo o íamos facer, de qué íamos falar. Convidámo-lo autobús que a Consellería da Familia tiña circulando neses momentos por Galicia, convidámo-la prensa e a radio, e fomos ás televisións locais a falar do tema.

O resultado foi que os días anteriores os pais tiveron que ler sobre un tema do que sabían máis os seus fillos que eles mesmos, e que o 25 de marzo estivemos trece centros educativos simultaneamente falando desde as nosas aulas, dos nosos temas.

Merece a pena le-la reportaxe que publicou *El Faro de Vigo* ó día seguinte, porque nela se expresa perfectamente o que aconteceu aquel día.

A partir daquela, o tema de Internet fíxose moi popular entre os nosos alumnos e pronto comezaron a encontrarlle un sinfín de aplicacións, xa que debemos ter en conta que entre os meses de marzo e maio as revistas, a televisión e demais medios comezaron a facerse eco da explosión da rede.

A partir de maio, cada un dos centros xa ía atopando solucións ás propias necesidades.

O Politécnico confeccionou a súa propia páxina web, na que os alumnos tiñan colaboracións nos gráficos e artigos, grazas a que neses momentos estaban a impartir clases do programa procesador de textos Word. O IES Gondomar, estaba a trata-lo tema da mensaxería electrónica, desde cómo engadir ficheiros ata os compresores. O CP Altamar seguía cos tratamentos de textos, e propuxo apuntarnos nunha web para facer contactos con centros



estranxeiros e fixemos grupos de alumnos para poder organizalos, xa que tiñamos 150 alumnos entre os tres.

Por medio dun amigo coñecémo-la Web de "Nueva Alejandría", un sitio onde os centros educativos expresan os seus desexos de comunicarse con outros de todo o mundo baixo unhas determinadas condicións.

Solicitámo-la inclusión dos nosos centros nesas páxinas e ó pouco tempo empezamos a escribirlas cun centro de Florida, con outro de Cleveland e con outro de Massachusets. O mes seguinte apareceu outro de Ohio solicitando mensaxería e polas idades dos alumnos tamén nos interesou.

As mensaxes fixéronse en español e pouco a pouco os/as alumnos/as introducían algunha frase en inglés. Ó remata-lo curso, algúns grupos xa escribí-an toda a carta en inglés.

Outras conexións

En maio fixemos unha conexión entre cinco centros desde o salón de actos de Gondomar, no cal dous escritores galegos estaban a dar unha conferencia coloquio sobre a súa obra. Os alumnos da Coruña e Lugo fixeron preguntas desde os seus propios centros mediante o chat.

En xuño, o político de Vigo, comprou unha cámara dixital para poder transmitir imaxes e deu os seus primeiros pasos no mundo da videoconferencia. IES Gondomar e CP Altamar pensan en mercala este ano, así como facer charlas con micro con centros do estranxeiro.

Isto é todo o que podemos contar deste curso e as comunicacións, agora falta que outros se animen a establecelas, pola nosa parte brindámoslles desde aquí toda a nosa experiencia.

2. OBXECTIVOS

A necesidade de preparar á infancia e á xuventude para vivir nunha sociedade na que os valores cambian con rapidez, lévanos a innovar un bloque de comunicacións, onde o noso obxectivo fundamental é capacita-los alumnos para obter, seleccionar e analizar toda a información que é transmitida a través deste medio.

- 1 Abrir un novo horizonte na mente do alumno/a ó utilizar con naturalidade as comunicacións.
- 2 Conseguir que se expresen con fluidez nesta nova linguaxe.
- 3 Domina-las ferramentas propias das comunicacións.
- 4 Satisface-la curiosidade do alumno neste mundo novo do que tanto se fala.
- 5 Incorporar novo vocabulario ó habitual.
- 6 Aprecia-la necesidade dunhas normas éticas en tódalas comunicacións que se establezan.
- 7 Comprender con sinxeleza como funcionan tecnicamente as comunicacións.

3. CONTIDOS

- 1 A comunicación con outro ordenador Hardware e software necesarios.
- 2 A comunicación cunha BBS. Chat e intercambio de información via módem.
- 3 Navegando por Infovia.
- 4 Navegando por Internet.
- 5 O correo electrónico.
- 6 O Multichat: IRC.
- 7 Confección de páxinas web.

Trataremos de expoñer cada unidade didáctica por separado.

Unidade 1: A comunicación con outro ordenador

O contido desta unidade pasa polo desenvolvemento teórico do hardware e o software necesario para poder establecer comunicacións vía módem, e mediante ordenadores persoais. A exposición de contidos por parte do profesor, a elaboración de traballos por parte dos alumnos sobre temas como: módems, redes etc., a elaboración dun glosario técnico, e o pase de películas e documentais relacionados co mundo das comunicacións telemáticas.

O seguinte paso foi adaptarse ó manexo do programa de comunicacións que íamos empregar, coñecer-los menús e as distintas opcións, aprender a configurarlos, etc.

A metodoloxía empregada foi baseada na idea fundamental de que todos, profesores e alumnos estábamos aprendendo cousas tecnoloxicamente novas e cambiantes, polo que o uso de libros de texto se substituíu por revistas especializadas e consultas a profesionais do sector das comunicacións informáticas.

Os obxectivos eran conseguir que os nosos alumnos non se perderan nun mundo cheo de tecnicismos e siglas, un mundo de fala inglesa e xentes descoñecidas, e que pola contra, se sentiran seguros cos seus escasos coñecementos do medio.

A avaliación fíxose dunha maneira automática, pois o alumno que non conseguía supera-lo nivel de coñecementos requiridos, perdiase inevitablemente e de forma moi evidente para nós e para sorpresa dos seus compañeiros, que de forma espontánea prestaron axuda ós compañeiros que tiñan máis dificultades.

Esta fase levounos ata o mes de novembro.

A valoración inicial foi de vernos superados por tódalas nosas expectativas de aceptación do tema por parte dos nosos alumnos. Resultáunos difícil resumir tantas horas de comentarios e suxestións que recibíamos por parte deles. Quizais poderíamos resumilo dicindo que a miúdo escoitábamnos dos nosos alumnos comentarios relacionados con valoracións éticas ou de carácter crítico sobre noticias que saían nos medios de comunicación como pornografía en Internet, os piratas informáticos, etc.

Unidade 2: A comunicación con outro ordenador, BBS e chat

A nosa idea inicial era a de conectarnos á rede Fido-net, para ensiná-lo que eran as áreas temáticas nesa rede (para máis tarde entrar no tema dos news-groups), pero os impedimentos técnicos e de organización dunha BBS, fixéronnos abandona-la idea.

Conectamos un par de veces para amosarlles ós alumnos cómo era unha BBS, logo intentamos organizar con Tony (Radio Maceda) un correo entre os centros a través da BBS.

O obxectivo fundamental era inicia-los alumnos na comunicación escrita, é dicir, falar a través do teclado nun sistema de diálogo no que eles mesmos poderían traballar diferentes aspectos desta nova forma de comunicarse: a ortografía, os smileys, a "netiqueta", a transmisión de ficheiros etc.

Empezamos cos chats comunicándonos cada dous centros e faciamolo unha vez á semana por medio dun programa de comunicacións de uso gratuito.

Mediante unhas reunións previas entre os profesores, decidimos comunicarnos:

Martes de 11.40 h a 12.10 h entre 8º EXB e 3º de BUP

Martes de 12.10 h a 13.00 h entre 6º primaria e 3º de BUP

As conexións foron as seguintes:

Co IES Gondomar:

- 10 Dec 11.40 Equipo 4- 8º B con 3º BUP de Gondomar OK.
- 17 Dec 11.40 Equipo 3- 8º A con 3º BUP de Gondomar OK.
- 28 Xan 11.45 Equipo 5- 8º B con 3º BUP de Gondomar OK.
- 18 Feb 11.47 Equipo 6- 8º B con 3º BUP de Gondomar OK.
- 25 Feb 11.50 Equipo 1, 2 - 8º B con 3º BUP de Gondomar OK.
- 10 Dec 12.10 Equipo 5- 6º A con 3º BUP de Gondomar OK.
- 17 Dec 12.10 Equipo 4- 6º A con 3º BUP de Gondomar OK.
- 28 Xan 12.10 Equipo 6- 6º A con 3º BUP de Gondomar OK.
- 18 Feb 12.15 Equipo 1- 6º A con 3º BUP de Gondomar OK.
- 25 Feb 12.10 Equipo 2- 6º A con 3º BUP de Gondomar OK.

Co IFP Politécnico de Vigo:

- 26 Feb 13.00 Equipo 6- 6º B con 4º ESO de IFP Politécnico OK.
- 26 Feb 13.35 Equipo 5- 6º B con 4º ESO de IFP Politécnico OK.

Para organiza-las comunicacións programamos previamente uns temas que serviron para suxerir ós alumnos outros temas nun momento de apuro. Usámoslos moi pouco, eles "enrollábanse" de seguida co fútbol, co ligoteo, se era guapo/a ou feo/a, etc. Fixemos uns guións para as nosas sesións de traballo:

Propostas para discutir e coordinar:

- Horario das conexións, días de conexión, centros que conectan, cursos que conectan, equipos que conectan.
- Temas do chat: Tema 1-2-3-4
- Orientacións para a conexión:
- Presentación das persoas do equipo: ¿Nomes, curso, pequena descrición persoal, afeccións, etc...?
- ¿Vanse establecer-las conexións entre os mesmos equipos?

Os temas do chat preparados eran:

1. Presentación do grupo que conecta, nomes, etc.
2. Posible presentación das afeccións de cada un. (Isto nacia de forma natural e era moi interesante)
3. ¿Onde ir de excursión?
4. Películas que ven ou series de TV.
5. Medio ambiente, ¿como axudas?
6. Roupas, ¿onde a compras?, ¿gústanche as marcas?
7. Tempo libre, ¿como te divirtes? ¿onde?
8. Deportes que practicas ¿gústache algún equipo en particular?

Como só tiñamos un ordenador conectado, só un grupo estaba conectado. O resto da clase seguía as explicacións ou facía traballos.

Esta fase levounos case desde novembro ata marzo, e foise desenvolvendo paralela ás outras actividades da aula de informática (textos, follas de cálculo, programación).

Hai que dicir que o pasaron moi ben e que estaban ansiosos de que chegara o día de conectar. Chegaron a quedar en verse nalgunha discoteca e mandáronse fotos nas conexións. Parte dese material vai engadido nos dossieres anexos, aínda que as anécdotas, os amigos e as experiencias persoais, resultan difíciles de expresar en termos de valoracións. Penso que se podería resumir dicindo que atoparon ó outro lado do cable moita vida por descubrir.

**Unidade 3:
Navegando por Infovia e adentrándonos na rede**

Durante os meses de novembro, decembro, xaneiro e febreiro, os alumnos navegaron por Infovia para intentar familiarizarse cun contorno similar ó de Internet.

Ás veces, a navegación era simulada, pois as páxinas estaban gardadas no caché do disco, para poder abarata-los custos telefónicos.

Cando en febreiro nos subscribimos a Internet, xa manexaban con suficiencia o Explorer ou o Netscape, e xa estaban familiarizados cos termos de hipertexto, links, buscadores etc.

Fixemos unha sesión en cada clase, de forma que ía un grupo cada día, mentres os demais seguían a traballar no procesador de textos, etc.

Os lugares máis visitados:

- 1 Cadena 40, os 40 principais...
- 2 El País, deportes...
- 3 Páxinas brancas da guía telefónica

Cada grupo navegou máis ou menos 2 veces por Infovia.

Os criterios de avaliación foron:

1. Localizar elementos de información determinada.
2. Baixar textos e imaxes para empregalos logo nos seus traballos.
3. Obter arquivos desde unha páxina.
4. Moverse con familiaridade co rato polas páxinas.
5. Utilización dos buscadores para localiza-la información nas páxinas contidas nos servidores de WEB da rede.

A valoración por parte dos alumnos comezou a dar unha resposta espectacular. A maioría comezaban a sentirse afortunados por entender un mundo do que os seus pais se confesaban ignorantes. Dician entender certas noticias ou conceptos como o de aldea global, o ciberespacio, etc. que antes descoñecían totalmente.

Polas nosa parte, empezamos a ver moitas posibilidades que antes non imaxinábamos. A rede comezaba a amosarnos todo o seu esplendor educativo.

**Unidade 4:
Navegando por Inter net**

En cada sesión ían dous grupos en dúas quendas no ordenador que tiña a conexión.

Case sempre traían eles os enderezos nos que querían entrar, ás veces había que aconsellarlles algún outro enderezo interesante, pois cansábanse de esperar a que cargara a páxina.

Fixemos unha especie de axenda de enderezos que outros alumnos do centro traían á aula de informática. Explicámoselles o que é unha IP, e o sistema de protocolos, nuns termos sinxelos, tales como servidores, routar, ftp, etc.

Pedían imprimir follas, salvar fotos de xogadores de fútbol, de baloncesto, de artistas da canción, etc... Os de COU vínan ás veces a consulta-los temas das carreiras universitarias.

Eles mesmos facían a valoración da información atopada, ás veces calificáronna de inútil ou contradictoria, outras do contrario. Mandamos mails cara a Saturno e coñecemos a moitos cibernautas, donos dun recuncho web.

**Unidade 5:
O correo electrónico: os e-mails**

Por medio dun amigo coñecémo-la Web de "Nueva Alejandría", un sitio onde os centros educativos expresan os seus desexos de comunicarse con outros de todo o mundo baixo unhas determinadas condicións.

Solicitámo-la inclusión do noso centro nesas páxinas e ó pouco tempo empezamos a escribirmos cun centro de Florida e con outro de Cleveland. O mes seguinte apareceu outro de Ohio solicitando mensaxería e polas idades dos alumnos tamén nos interesou.

As mensaxes fixéronse en castelán e pouco a pouco os/as alumno/as introducían algunha frase en inglés. O remataren o curso, algúns grupos xa escribían toda a carta en inglés.

O resumo da mensaxería nos meses de marzo, abril e maio foi:

Cartas recibidas de Florida: 50 cartas
Cartas enviadas a Florida: 54 cartas
Cartas recibidas de Cleveland: 123 cartas
Cartas enviadas a Cleveland: 129 cartas
Cartas recibidas de Ohio: 54 cartas
Cartas enviadas a Ohio: 55 cartas
Total recibidas: 227 cartas
Total enviadas: 238 cartas

Organización

Ó principio contestábamo-las cartas desde o ordenador que tiña a liña, mais cando o número de cartas aumentou organizámonos doutro xeito. Decidimos darlle a cada grupo a súa carta en papel e logo eles facían a resposta no seu ordenador, gardándoa en Ansi Texto de Windows no seu disco flexible, e pasándoa despois ó ordenador con Internet. Deste xeito só tiñamos que pilla-las mensaxes e mandalas todas xuntas ó final da sesión.

Co fin de saber qué mensaxes estaban contestadas e para quen eran, fixemos unhas táboas onde apuntabamos tódolos detalles de cada mensaxe, que nos serviron para ver que mensaxes estaban en inglés e cales en español.

Ó final do curso, os grupos máis relacionados mandáronse o enderezo persoal para escribirse durante o verán.

**Unidade 6:
O multichat: IRC**

O primeiro chat de proba estableceuse o 28 de febreiro como preparación para o que sería o primeiro multichat galego:

■ Pallique día 28 Feb de 12.50 a 14.20 h
Gondomar-Politécnico-Altamar

O multichat

O primeiro multichat galego organizouse para o día 5 de marzo, de 16.30 a 18.30 h coa inestimable axuda de VIEIROS, quen por medio das súas páxinas serviu de referencia na divulgación e conexión de tódolos centros educativos públicos e privados de Galicia que quixeron sumarse ó proxecto:

■ Vieiros 05 marzo de 16.30 a 18.30
Centros de Galicia 1º Multichat

Sumáronse 13 centros á experiencia: 2 colexios públicos, 1 colexio privado e 10 centros de ensinanzas medias entre institutos e centros de F.P.

A experiencia foi un grande éxito e colleu un ritmo tan natural que se nos foi das mans: ó moderador pasábanlle tan rápido as liñas que non era quen de dirixi-lo chat, todos querían dicir e preguntar cousas, e as respostas quedaban 12 ou 14 liñas debaixo das preguntas. En a penas 2 horas os alumnos escribiron 20 follas no "log".

Outros Chats:

■ Xabarin 19 marz 12.07 a 13.30 h Politécnico -Altamar

■ Escritor 25 abril 12.52 a 14.22 Centros de Galicia 2º Multichat

Este foi o último multichat que fixemos este curso, e tratou de facer unha especie de Libro Forum para toda Galicia desde Gondomar, onde se estaba a celebra-lo Libro forum cos dous autores.

Chat internacional Cleveland

Despois de falar co profesor de Cleveland por medio do IRC, decidimos establecer un IRC para tódolos grupos que se estaban escribindo, de forma que puideran conectar en tempo real cos seus amigos. Puxemos un día e unhas horas e decidimos ver cántos se apuntaban á experiencia.

■ Solon 09 maio 13.50 a 17.00 h. Altamar - Cleveland

O horario non podía ser doutro xeito debido á diferenza horaria, mentres os de Vigo comiamos de bocadillos, os de Cleveland chegaban de durmir.

Apuntáronse 17 grupos de 2-3 alumnos por grupo, en total 45 alumnos/as mailos acompañantes e curiosos.

¡Foi toda unha experiencia o de comer no cole!, e non dígamo-la ilusión de conectar con eles. Non paramos nas 3 horas que durou e o pasaron realmente ben; a pena foi que só lles deu para 10 minutos por grupo e quedoulle-la boca demasiado doce. Prometemos repeti-la experiencia.

**Unidade 7:
Páxinas web**

Aínda que o material informático dos centros non nos axuda para confeccionar páxinas webs, fixémo-las nosas webs nos ordenadores que servían para esta grande empresa. Nas nosas casas, os profesores aprendémo-la linguaxe HTML e preparamos algunhas páxinas que amosasen os traballos que faciamos.

O noso obxectivo non era con afán de protagonismo na rede, senón que outros centros que estivesen interesados no tema das comunicacións por ordenador atoparan nas nosas páxinas experiencias e información útil.

O Politécnico de Vigo, converteu a súa páxina nun recuncho cheo da máis diversa información sobre a comunidade escolar que representa. Se visitámo-las páxinas dos meses de febreiro e marzo, poderíamos atopar mencións ás actividades que se levaron a cabo nos días máis significativos: entroido, día dos namorados, vacacións etc.

Pronto descubrimos que ós alumnos lles gustaba colaborar con gráficos, textos e moitas iniciativas ata entón descoñecidas para eles.

A páxina web do centro estase a converter nun sinal de identidade, e temos moitos proxectos futuros neste campo.

**Valoración persoal
do grupo de profesores e alumnos**

Poderíamos engadir neste apartado as moitas nora-boas que recibimos a través do mail de persoas anónimas que pensan que o noso traballo está sendo ben recibido na comunidade escolar. Poderíamos engadir algún vídeo emitido polas televisións locais, contando as nosas experiencias.

Mais para nós, a importante conclusión desta andaina poderíase resumir en que en ningún momento recibimos pola banda dos alumnos sensación de apatía ou de desgana. A vitalidade, a emoción dos propios descubrimentos, o desorbitado interese que amosaban deixaron estupefactos a uns profesores que xa estabamos acostumados á desidia estudiantil. Este último ano para nós foi unha grande innovación educativa nestes tempos que corren: como un se pode sentir mestre e amigo.

As valoracións dos alumnos corren polos corretores e polas aulas, algunhas pódense ler no dossier anexo, e de seguro que amosaremos máis dun sorriso ó comprobar que aínda que son nenos ou rapaces novos, teñen as súas propias opinións.

A educación para a paz e a transversalidade

Manuel Dios Diz

Presidente do Seminario Galego de Educación para a Paz

Accedo gustoso á petición dos amigos e amigas de "Saudiña" para continuar reflexionando sobre a educación para a paz. Quixera, nesta ocasión, responder a moitos colegas que preguntan con frecuencia cómo empezar a traballar nas aulas este contido transversal obrigatorio. Para iso teño elaborado tres decálogos que paso a presentar aínda que sexa de maneira moi breve.

Convicción

O profesorado interesado debe, antes que nada, crer nos valores éticos e morais, nos dereitos democráticos. En consecuencia, apostar decididamente non só por ensinalos senón, e o que é máis importante, por practicalos na aula a cotío, nunca por imperativo legal. Evita-las contradicións entre o que dicimos e o que facemos será unha cuestión clave.

Coraxe

Para darlle a volta ó calcetín se é necesario, para ser quen de poñer en cuestión a rutina, os contidos oficiais, as metodoloxías tradicionais..., toda a nosa actividade.

Ilusión

Para ilusionar ó noso alumnado pola vida e polo saber.

Diálogo

Sen imposicións unilaterais, falando, escoitando, comunicándose.

Consenso

Buscando sempre o entendemento, o acordo, a negociación... transaccionando.

Fundamentación

Non chega coas boas intencións nin co voluntarismo. É mester unha rigorosa fundamentación teórica.

Evita-los ser móns

Moito mellor con técnicas e con métodos, con dinámicas, a través de xogos cooperativos, con recursos didácticos novos, obradoiros de contos, teatro de sombras..., poñendo en práctica o "método socioafectivo", sentir na propia pel os problemas, na medida do posible.

Con axuda

Apropiarse de espazos e de tempos con flexibilidade

Utilizando as competencias e tirando da autonomía dos centros educativos para isto.

Interdisciplinariamente

Partindo desde a voluntariedade e con intención de abarcalo conxunto con equipos, superando a vella idea de que "a aula é o meu castelo", desmontando o individualismo, a fragmentación e a parcelamento do saber, a superespecialización, recuperando e poñendo en práctica ideas como que "o fin esencial da educación é o pleno desenvolvemento da personalidade" ou "edu-

cación integral en coñecementos, destrezas e valores" que figuran no frontispicio da LODE e da LOXSE ou no artigo 27.2 da Constitución.

Vinculando a cultura escolar coa extraescolar:

Non permanecendo á marxe do noso alumnado, sentindo como propias as súas preocupacións, pensando nas demandas sociais da escola.

Identificando obstáculos para vencelos:

Superando as resistencias internas e externas a un proxecto destas características, fomentadas as alianzas e tamén, como non, as complicidades.

Avaliando:

Non só coñecementos senón, sobre todo, actitudes e valores. Para isto temos que insistir, unha vez máis, na función esencial da titoría, pero tamén nas responsabilidades avaliativas de carácter xeral que corresponden ó profesorado de aula e do ciclo, á Comisión de Coordinación Pedagóxica e tamén, por suposto, ó Consello Escolar.

Abrindo os centros e as aulas

Superando a errada crenza de que o profesorado ten o monopolio do saber. Abri-las aulas e os centros a persoas e colectivos implicados con rigor na transversalidade para que circule o aire fresco da renovación e das novas iniciativas.

Intercomunicarse

Dentro e fóra da aula. Non deixa de ser sorprendente que na época da maior revolución tecnolóxica nas comunicacións falamos menos entre nós, sobre todo, de educación.

Poñendo a educación en primeiro plano:

Porque resulta moito máis útil ser solidarios que solitarios. Buscando información, intercambiando experiencias, apoios, bibliografía, materiais e recursos, cos colegas que traballan desde hai anos na educación para a paz.

Asumindo riscos:

Porque non chega con facer pedagogía preventiva...

Par tindo da propia realidade, do máis próximo:

Das necesidades do noso alumnado, do propio centro educativo, da comunidade escolar concreta e porque a transversalidade e a educación para a paz non poden ser responsabilidade exclusiva do profesorado máis "concienciado". Ten que implicarse o Departamento de Orientación e a Comisión de Coordinación Pedagóxica, o equipo directivo como impulsores, como dinamizadores, con propostas concretas, por áreas, por departamentos, con actividades extraescolares e complementarias, recuperando a figura da titoría como central nun proxecto destas características.

Os contidos oficiais non o son todo:

A escola ten os días contados se nos empeñamos en competir coa información. Nesta pugna por informar, a medio prazo, perdemos. Non chega con ensinar destre-

zas e coñecementos, temos que apostar máis por educar para a vida, por ensinar a ser e non a ter.

Transversalidade non é tanxencialidade:

Temos que ser quen de supera-los compartimentos estancos, as anécdotas, as efemérides, sendo importantes as celebracións non poden converterse nos tranquilizantes da nosa conciencia. A educación para a paz non pode ser algo tanxencial ó currículo, ten que impregnalo en todas as direccións.

Os transversais non están fóra, non son algo para "meter"

Existe unha verdadeira obsesión por "meter" os transversais como se fosen algo externo ou alleo, como se estivesen fóra. Do que se trataría sería de reenfocarlo coñecemento desde novas miradas.

Atraverse a crítica radicalmente o modelo tecnocrático do coñecemento:

E romper coa suposta neutralidade, mollarse.

Reflexionar e descubri-lo currículo oculto:

Todo ese conxunto de contidos, actitudes e valores, que transmitimos ó noso alumnado sen explicitalos no currículo, inconscientemente, coa nosa práctica educativa e cos nosos comportamentos no centro e na vida. Non só se trata de descubri-lo propio currículo oculto senón o dos demais, o do centro, para corrixilos.

Reflexionando máis sobre a nosa actividade docente, sobre cómo enfocamos e resolvemo-los conflitos, intercambiando pareceres e métodos.

Ser irrevocable antes se é necesario

Co discurso oficializado, ritualizado e burocratizado da reforma, coas prioridades administrativas que teñen que estar ó servizo da educación e non ó revés.

Tendo a democracia e os dereitos humanos no horizonte

No cincuentenario da aprobación da Declaración Universal dos Dereitos Humanos, a Declaración de 1948, segue a ser un ideal, un desafío, para toda a humanidade.

Con optimismo histórico

Confiando na educación, no profesorado, no poder da escola, se non para resolver, si para contribuir decisivamente a superar pacificamente os conflitos.

Con tenrura

Sabendo que se gañan máis moscas con mel que con fel

Con utopía

Como afirma Fernando González Lucini: "soño, logo existo", desenvolvendo a razón utópica.

Con humildade

Sendo moi conscientes das nosas limitacións...

Pero, sobre todo, con

Paciencia, moita paciencia.

A educación vial... interese de todos e todas

Fina Mosquera . CEFOCOP da Coruña.

Aurora Pazos . CEFOCOP de Ourense.

Baixo o lema "Con seguridade a educación vial é interese de todos" tiveron lugar nas principais cidades galegas os Encontros para profesionais do transporte escolar, organizadas pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación e as Direccións Provinciais de Tráfico coa colaboración dos CEFOCOPs.

O obxectivo era sensibiliza-los profesionais do transporte sobre a importancia do seu labor na educación vial do alumnado.

Tradicionalmente a sociedade atribúe ó profesorado e ás familias o papel fundamental e case exclusivo no proceso educativo. Iso era lóxico hai anos pero os cambios sociais que se produciron na segunda metade deste século están a afectar dunha maneira importante á educación dos nenos e nenas: incorporación da muller ó mercado laboral, extensión da escolaridade obrigatoria, oferta de servizos de transporte, comedor escolar, actividades extraescolares, etc. sen esquecermos dun novo axente "educativo": a televisión.

Neste momento non se pode abandonar ó profesorado e ás familias no proceso educativo dos seus fillos e fillas.

A Lei xeral de ordenación do sistema educativo recolle que, ademais dos contidos tradicionais de cada disciplina ou área, é responsabilidade dos centros educativos a transmisión de valores, o fomento de actitudes positivas e o establecemento de normas de convivencia razoables.

Todos estes asuntos tan importantes para unha sociedade que precisa cidadáns que saiban exercer a súa liberdade con responsabilidade, inclúense no que denominamos temas transversais.

Os temas transversais deben incorporarse ó Proxecto Educativo do Centro que aproba o Consello Escolar, ó Proxecto Curricular que aproba o Claustro e ós distintos documentos que se elaboran nos centros educativos: regulamentos de réxime interno, etc.

Dentro destes temas está a educación vial que debe impregnala vida dos centros, e todo o personal que está en contacto cos alumnos e alumnas, durante os períodos escolares, debe ser consciente de que ten que aportar algo á súa formación como peóns, viaxeiros ou usuarios do transporte.

Aínda que a educación é un proceso que dura toda a vida, son moi importantes as aprendizaxes sociais que se realizan na idade máis temperá, que é cando se forman hábitos e actitudes.

Antes de participar no tráfico de forma autónoma, nenos e nenas observan constantemente as condutas dos adultos cos que se relacionan (pais, nais, familiares, condutores do transporte público) e das persoas que aparecen en películas e programas de televisión.

A visión destas condutas, tanto positivas (respecta-los sinais, cede-lo paso, saudar...) como negativas (saltarse semáforos, enfadarse ou insultar a outros condutores ou peóns...) fai que logo sexan imitadas. "Apréndese o que se vive", non só o que se di.

Aínda que nos parece fundamental aborda-la educación vial, a realidade é que non sempre se lle presta a atención debida. O transporte escolar proporciona

unha oportunidade estupenda para traballar hábitos, actitudes, valores, normas. Pero non para impoñer e castigar senón para debater, razoar, consensuar e unha vez chegado a acordos, cumprilos e vixia-lo seu cumprimento.

Todo isto leva tempo se se lle dá a importancia debida. Ademais dos debates e acordos entre a comunidade educativa que deben quedar escritos nos documentos pertinentes, cada ano, a principio de curso é conveniente que se realice unha xuntanza entre o profesorado e o persoal responsable do transporte escolar para programar actuacións xuntas e comunica-los acordos e /ou plans específicos ó alumnado, e a pais e nais nas reunións de principio de curso.

A inhibición nesta responsabilidade non é indiferente, supón deixa-la educación dos futuros cidadáns do noso país en mans dos medios de comunicación e /ou dos líderes positivos ou negativos que en cada contexto teñen maior influencia. "Ou a lei da selva ou a lei da oferta e a demanda".

¿É esa a sociedade que queremos?



CURSO DE FORMACIÓN DIRIXIDO A MESTRES E PROFESORES

A implantación dos materiais didácticos para prevención do consumo de drogas no ámbito escolar

O marco educativo xunto co contexto familiar son os primeiros elos da cadea preventiva. Por isto, é necesaria unha boa formación do profesorado que permita transmitir ós alumnos, non soamente formación académica senón tamén hábitos de condutas saudables que promovan un bo desenvolvemento persoal e social. A intervención sobre o profesorado non pode ser considerada como un fin en si mesma, senón como un medio para favorecer unha acción continuada no ámbito escolar

Antonio Rico Prieto
Enrique Iglesias López
Rosa Mª García Pazos
Isabel Sánchez Rafales
Pepe Pérez Fernández (Colaboración administrativa)
 Equipo da Área de Prevención de ASFEDRO

Son os mestres/as e profesores/as —equipos docentes— os que teñen que asumir esta tarefa dentro da transversalidade proposta pola LOXSE e ser modelo de identificación positiva para os seus alumnos en valores e hábitos saudables.

Debido ó anteriormente exposto considerámo-la necesidade de facer un curso de formación dirixido a mestres e profesores.

Este curso de formación está enmarcado dentro dun programa de prevención e incorporación social en drogodependencias que desenvolveu nalgúns concellos da comarca de Ferrol, integrados na área sanitaria de ASFEDRO.

Ó inicio do curso pasouse un cuestionario inicial para ter máis información acerca dos docentes que asistían a el e coñece-las actitudes, hábitos de consumo e grao de información sobre E.p.S. que posuían.

Deste amplo cuestionario entresacámo-la descrición da poboación asistente ó curso e os datos referidos á prevención do consumo de drogas e á E.p.S.:

O número de asistentes ó curso foi de 32 docentes dos concellos de Narón e Neda, sendo a porcentaxe máis elevada de mulleres cun 69% fronte a un 31% de homes. Predominaban as persoas casadas (85%) fronte a un 15% de solteiros/as; a media de idade era de 39,7 anos, sendo a desviación típica +/- 7,3. En canto ó nivel educativo no que imparten clases é o seguinte:

- 16% en E. infantil
- 32% en E. primaria
- 40% en E. secundaria
- 4% en E. infantil e primaria
- 8% en E. primaria e secundaria

Respecto ó grao de información sobre a prevención do consumo de drogas e a E.p.S. no ámbito escolar destacámo-los seguintes datos:

Un 74% dos mestres enquisados afirma que se tratou o tema de drogas na súa aula. Deste 74%, un 47% tratouno de maneira informal, un 13% programou o tema a modo de exposición, outro 13% abordouno como parte do temario, potenciando o traballo en grupo entre os alumnos, un 7% contou con especialistas na materia e, por último, un 20% non contestou a forma en como o tratou.

Soamente un 8% dos enquisados participou nalgún curso específico de formación en drogodependencias. Non obstante, do 92% restante, un 46% afirman ter lido libros e documentación sobre o tema.

Un 53% dos docentes afirma que o papel principal na educación sobre drogas corresponde ós pais. Sen embargo, a educación sobre drogas no ámbito escolar é para un 46% competencia dos mestres e profesores, e para un 31% esta é unha tarefa de especialistas no tema.

Un 88% dos enquisados cre que é aconsellable informa-los seus alumnos sobre o tema das drogas, aínda que puidera existí-la posibilidade de esperta-la súa curiosidade.

Un 31% dos docentes definen os drogodependentes como persoas inmaduras, un 30% como persoas con trastornos psicolóxicos e con problemas, un 12% pensa que son enfermos, outro 12% considera que son persoas inconformistas e un 10% como persoas normais.

Un 85% dos enquisados manifesta coñecer recursos específicos en drogodependencias.

O colectivo docente propón tres posibles estratexias referidas á súa participación no ámbito da prevención:

- Para un 85% unha destas estratexias sería a de fomentar actividades deportivas e culturais.
- Un 92% pensa que para conseguir unha prevención eficaz sería necesaria unha formación básica sobre o tema das drogas.

- A gran maioría considera que o seu papel principal reside en informar, formar e educar non só no tema das drogas, senón tamén en impartir unha formación integral do que serían hábitos de vida saudables.

Sen embargo, os enquisados cren que poderían atoparse cunha serie de dificultades na práctica: a posibilidade de non conseguir conectar co alumno, que non haxa un traballo conxunto entre pais-profesor-alumno, que os pais non se interesen ou non cooperen, que profesores e mestres non estean formados neste tema e, por último, a posibilidade de atoparse coa incompreensión dalgúns sectores da comunidade escolar no caso de tratar estes temas na aula.

Por último, un 96% dos docentes coinciden en que a prevención de drogas na escola debe ir integrada na E.p.S. na escola e, pola súa vez, a E.p.S. debe integrarse no currículo escolar. Para lograr isto, un 80% considera que os cursos de formación en E.p.S. deberían ser obrigatorios e, en canto á forma de adquirir esta formación, un 39% situaríaa durante a formación universitaria, un 36% nun curso posgra e un 25% en seminarios de carácter optativo.

OBXECTIVOS

Con este curso pretendiamos non só forma-lo profesorado en drogodependencias a través da información sobre o fenómeno do consumo de drogas e as respostas sociais a este; os programas realizados; a achega de materiais e recursos sobre prevención do consumo de drogas e a reflexión sobre os factores de risco e protección máis axeitados no ámbito escolar, senón tamén estimulalos para o compromiso activo en iniciativas de prevención, na forma de actuación por programas e, en específico, coa implantación dos materiais didácticos para a prevención do consumo de drogas no ámbito escolar (editados pola Xunta de Galicia) contando coa nosa colaboración na posta en práctica de actividades de prevención.

METODOLOXÍA

Para poñer en marcha este curso fixemos unha primeira toma de contacto a través de reunións do equipo de prevención de ASFEDRO e as traballadoras sociais dos servizos sociais municipais de Narón e Neda cos claustros de profesores dos colexios destes concellos; nesas reunións expuse a idoneidade de facer un curso de formación para poder implantar correctamente os materiais didácticos destinados á prevención do consumo de drogas na escola. Así, tendo en conta a demanda existente, decidimos facer un curso no que participaron os profesores e mestres dos concellos de Narón e Neda, cun total de 32 profesores inscritos de 7 colexios e institutos.

O curso foi de 24 horas lectivas distribuídas en oito sesións de tres horas de duración, e levouse a cabo entre os meses de novembro e decembro de 1997.

No curso expuxéronse os temas de forma teórico-práctica cunha metodoloxía activa-participativa na que se potenciou o traballo en grupos.

Nas exposicións teóricas utilizouse diverso material didáctico e audiovisual de apoio para facilita-lo seu seguimento: transparencias, esquemas, vídeo, anuncios publicitarios sobre alcohol, tabaco...

Nas sesións teóricas fomentouse o diálogo entre os asistentes e os docentes do curso estimulando a reflexión e profundando sobre diferentes aspectos considerados relevantes.

O curso articulouse en sete módulos nos que se trataron os seguintes contidos:

- Módulo I: Aspectos metodolóxicos da elaboración, experimentación e implantación dos materiais didácticos para a prevención do consumo de drogas no ámbito escolar. (1 sesión)
- Módulo II: Conceptos xerais e socioepidemioloxía do consumo de drogas. (2 sesións)
- Módulo III: Recursos e lexislación sobre drogas. (1 sesión)
- Módulo IV: Prevención-promoción: conceptos e características. (1 sesión)

- Módulo V: A educación para a saúde (E.p.S.) nos currículos do ensino obrigatorio. (1 Sesión)
- Módulo VI: Propostas didácticas e aspectos prácticos: manexo de unidades didácticas e metodoloxía en educación infantil e primaria. (1 sesión)
- Módulo VII: Propostas didácticas e aspectos prácticos: manexo das unidades didácticas e metodoloxía en educación secundaria obrigatoria e post-obrigatoria. (1 sesión)

AVALIACIÓN DO CURSO

Avaliación de proceso e de opinión

A asistencia media ó curso foi de 26 persoas, o grao de satisfacción dos asistentes respecto á utilización de exemplos e de documentación achegada foi alta, así como a participación nos debates e nas exposicións teóricas para aclara-las dúbidas que ían xurdindo.

Para recolle-las distintas opinións dos mestres e profesores utilizouse un cuestionario de valoración sobre a organización e desenvolvemento do curso do que destacámo-las seguintes conclusións:

- A maioría do colectivo enquisado valorou moi positivamente tanto a organización como o desenvolvemento do curso segundo os seguintes ítems: Obxectivos, expectativas, contidos, aspectos prácticos, documentación e docencia.
- Non obstante, algúns dos docentes consideran necesaria unha segunda parte na que se expoñan máis experiencias que se estean a desenvolver na actualidade.

Polo tanto, consideramos que a realización de cursos de formación para a prevención do consumo de drogas no ámbito escolar é valorada de forma moi positiva e necesaria por parte do colectivo de profesores e mestres, aínda que o ideal sería que estes cursos estiveran integrados en cursos de educación para a saúde.

Avaliación de resultados

O seguinte obxectivo que nos propuxemos ó finaliza-lo curso era o de conseguí-lo compromiso de introduci-los materiais didácticos para a prevención do consumo de drogas na escola. Cremos que este obxectivo está altamente conseguido, dado que de 32 participantes no curso, comprometéronse a implanta-los materiais, un total de 101 mestres e profesores, o que afecta a 1.671 alumnos/as de distintos niveis educativos. (Ver táboa)

	E. infantil	E. primaria	ESO	ESPO	TOTAL
Nº alumnos programa	199	660	503	309	1.671
Nº profesores programa	15	42	30	14	101



PREMIO XUNTA DE GALICIA 1997
 Á INNOVACIÓN EDUCATIVA, SOBRE OS TEMAS TRANSVERSAIS

O club ecolóxico Bolboreta: cara a unha escola ecolóxica e integrada

César Martínez Yáñez
 CEIP O Ramo de Barallobre (Fene), A Coruña

1. Un proxecto atípico

Certamente o título desta introducción non é casual; tampouco pretende chama-la atención sen máis. Penso que hai razóns suficientes para consideralo como tal e quixera explicar algunhas delas.

Resulta atípico en canto á proposta, en canto á filosofía e en canto á composición e organización.

En primeiro lugar, xorde como iniciativa dun grupo de alumnos, que, co arroupamento e seguimento do profesorado, conforma o núcleo arredor do que se vai desenvolver-lo club. De aí que a maioría das propostas e programa de actuación se canalicen a traves do alumnado. Este feito confírelle unha dimensión de inmediatez e implicación que provocan unha notable motivación en tódolos membros.

A filosofía vén marcada por dúas liñas: a interdisciplinariedade e a contextualización.

Cada día asistimos perplexos á posta en funcionamento de programas medioambientais que parecen artellados en tubo de ensaio. Non son de ningún lugar, de ningunha parte, non recollen ningunha circunstancia sociocultural. Son a asepsia entendida ó revés, que case nunca resulta tal. Son programas desaxustados que provocan contestación social e a miúdo contraproducentes polo dilapidación de recursos contrario ó aproveitamento racional que se pretende defender. O activismo sen perspectiva cae na frivolidade.

Os que participamos no club Bolboreta queremos fuxir desa dinámica, polo que nos preguntamos con frecuencia quén somos, onde estamos, de onde vimos e a onde queremos chegar. Tratamos de situarnos no tempo e no espazo sen perde-la perspectiva da nosa traxectoria histórica, cultural e lingüística. Con esa bagaxe camiñamos.

Deste xeito, a interdisciplinariedade vén dada como consecuencia da contextualización. O estudo dunha árbore, por exemplo, implica actividades lingüísticas de toponimia e antroponimia, historia, xeografía, economía, folclore, costumes,... e análise e prospección de posibilidades de futuro. Poderíamos dicir que practicamos un ecoloxismo cunqüeiriano no sentido literal da cita: *Louvado sexa Deus por terme dado o don da fala nosa. Por terme ensinado a dicir rula e bidueiro e dorna e ponte e fonte. E entón eu sabendo estas palabras era verdadeiramente dono da rula e do bidueiro e da dorna e da ponte e da fonte.*

A composición e organización do colectivo tamén se artella desde a participación directa e a reflexión sobre a operatividade, a viabilidade e a toma de decisións compartidas.



2. A ponte da educación ambiental: tratamento curricular

Situados neste contexto, son moitos os obxectivos que ofrece o currículo para que a educación medioambiental teña un importante peso na actividade escolar e extraescolar.

Por citar algúns, teríamos:

- Achegar ó alumnado unha aprendizaxe significativa (Principio básico da LOXE e referencia obrigatoria para unha educación medioambiental).

- Mellora-la sensibilidade no referente ó coidado e á conservación do medio.
- Favorece-las actitudes de respecto mutuo e co que nos rodea.
- Comprende-lo valor dun medio natural en boas condicións como contribución ó noso benestar.
- Proporcionar vivencias e situacións de reflexión sobre:
 - O contorno, uso e aproveitamento dos recursos como elementos de integración cultural: interdisciplinariedade e contextualización.
 - Valoración do medio: respecto e valoración do propio.
 - Uso, disfrute, coidado e respecto dos bens colectivos.
 - A importancia dos bens que non se cuantifican economicamente (saúde, tempo de lecer, deporte, calidade de vida, etc.).
 - O desenvolvemento sostido: un principio da nosa cultura tradicional.
 - Reducir, reutilizar e reciclar: vivir con sentido común.

3. Como nos organizamos

Tratamos de que a organización sexa dinámica e participativa. Nas primeiras semanas do curso escolar pásase unha follla por clase para renova-lo censo de socios e socias e proceder á elección de delegado ou delegada de clase e dos subdelegados.

Máis tarde a asemblea de delegados elixe os cargos directivos: presidente, secretario, tesoureiro, etc.

Cada delegado recolle na súa clase as iniciativas de actividades propostas polos socios, que logo se refunden nas reunións da directiva para confecciona-lo programa anual.

Poden ser socios e socias tódolos alumnos do centro a partir de 1º de primaria. Unha vez feita a solicitude, dispoñen dun carné que os acredita como tal. Tamén poden seguir sendo socios e participando nas actividades ex-alumnos e persoas adultas que queiran colaborar co club.

4. Programa de actividades

As actividades previstas selecciónanse tendo en conta a diversidade de idades e intereses dos membros do club. Procuramos deseñalas de maneira que todos se sintan implicados e interesados nelas. Unha parte delas prevense como actividades propias de maiores ou de pequenos para que ninguén se sinta desprazado da participación.

Tamén se ten en conta o equilibrio entre as individuais ou persoais, as de grupo pequeno e as colectivas ou de grupo grande. Neste sentido hai que sinalar que na maioría dos casos a participación implica diferentes tipos de actuación dependendo da fase na que se estea traballando. Por exemplo, a revista Bolboreta supón proposta de colaboración á totalidade de socios, colaboracións individuais ou de grupos pequenos, enmagnetado, impresión e distribución por medio de grupos máis grandes e adquisición libre polo conxunto de socios/as e interesados.

a) Actividades e actitudes individuais

A propia pertenza voluntaria ó club supón unha actitude positiva acerca do medio no que nos desenvolvemos. O propio carné de socio, que será asinado polo solicitante, inclúe un compromiso de respecto e sensibilidade do asociado co seu contorno.

Nas reunións, charlas, proxeccións, etc, coméntanse e trátanse de promover actitudes e accións positivas con orixe na actuación individual, familiar e da comunidade.

Promóvese a recollida selectiva, o aproveitamento de residuos orgánicos (a maioría dispoñen de horta ou terreo que facilita este aproveitamento). Reciclado de papel e de pilas, reutilización de envases e útiles de refugallo para confeccionar xoguetes, adornos, etc. Aproveitamento enerxético: corrente eléctrica, auga, calefacción, ...Estas e outras medidas forman parte do que chamamos *"Ecoloxia todo o día"*, porque non teñen, ou non deben ter, un momento concreto para practicalas, senón que se deben converter en hábitos cotiáns.



b) Actividades de grupo pequeno

Neste apartado incluíranse: encargados da biblioteca Bolboreta, equipos de traballo para prepara-la revista, organización do club, etc.

Tamén pertencen a este grupo os talleres: reciclado, caixas-ñño, enxerta, itinerarios, etc.

c) Actividades colectivas e de grupo grande

Diferenciamos estes dous conceptos tendo en conta que algunhas celebracións específicas afectan a todo o centro, que participa colectivamente, coa coordinación e dinamización de Bolboreta (Día da árbore, Día mundial do medio ambiente, visitas a parques naturais e zonas de interese ecolóxico, etc.)

Convivencia na natureza. Esta é unha actividade que nunca falta no programa anual. Consiste nunha estancia de tres ou catro días nunha aula da natureza ou albergue próximo a unha zona de especial interese medioambiental. Eses días de estancia supoñen un cambio de hábitos e unha ruptura coa vida cotiá do resto do ano. Ademais de desenvolver un programa intensivo de actividades no medio natural, tamén se traballan as relacións interpersoais e se participa en responsabilidades de limpeza, cocíña e comedor. É unha actividade con moita demanda, só condicionada polos altos custos que representa para o colectivo.

A situación ó día de hoxe configura o club como un instrumento útil, motivador e participativo, que pode achegar ós asociados ó mundo no que viven, non cunha visión distante, senón implicados na dinámica da súa propia circunstancia sociocultural.



PREMIO XUNTA DE GALICIA 1997 Á INNOVACIÓN EDUCATIVA, SOBRE OS TEMAS TRANSVERSAIS

Xogando cos contos

CEIP Portonovo

Presentación

Este proxecto foi traballado durante o curso 1996-97 con tres aulas de educación infantil:

- un grupo de 4 anos de 22 alumnos
- un grupo de 5 anos de 24 alumnos
- un grupo de 5 anos de 25 alumnos

A. PLANIFICACIÓN

A.1. Xustificación

A elección do tema vén condicionada por un forte desexo —por parte das profesoras— de animar, entusiasmar e ilusionar ós máis pequenos no mundo dos libros, moitos deles aínda indescifrables para nenos de educación infantil, de aí tamén o noso interese por crearlle-las necesidade de “aprender a ler”.

O mundo dos contos resulta atractivo e necesario para os nenos, pero non é válido calquera conto para calquera idade, nin tampouco o feito de xogar cos contos a transformalos, mesturalos..., pensamos que sexa adecuado para os cativos de 3 anos que aínda teñen a necesidade de escoitar o conto tal e como é para ir avanzando na súa seguridade e confianza persoal. Por iso, este proxecto está pensado para nenos de 4 e 5 anos e dun contexto sociocultural concreto como é o de Portonovo: por un lado están os pequenos que pasan moito tempo con avós e avoas e que reciben, por boca dos vellos, unha gran riqueza de contos, cancións, historias, etc.; pero por outro lado —a maioría— están os nenos que, en caso de escoitar algún conto, fano a través da película de vídeo ou da cinta-casete.

A.2. Motivación

A aparición na escola dun personaxe dun conto: escollémo-la figura de Geppeto.

Contamos coa colaboración dun profesor de primaria para facer de Geppeto. Unhas horas antes da súa visita, o debuxo de Geppeto desaparece da lámina que está no taboleiro dos contos e atopamos unha carta de Geppeto no encerado: “Son o pai de Pinocho e hoxe vouvos facer unha visita. Ata pronto”.

Geppeto asoma pola fiestra da clase e entra por ela: contalles ós nenos que escapou do seu conto porque estaba aburrido de ver sempre a mesma xente. Ten oído falar doutros personaxes como Carapuchiña, Alicia, Tarzán, os Power Rangers..., que coma el, saen das películas, debuxos, etc. pero non sabe como son, nin onde viven, nin que aventuras viviron..., por iso, ocoreselle unha idea: como ten que voltar ó conto por se a Fada o está buscando, ou Pinocho, ou algún neno que colla o conto para lelo..., pídelo ós nenos que inventen contos onde aparezan personaxes doutros contos e cando estean rematados volverá para escoitalos.

Durante o encontro iniciábase unha conversa entre Geppeto e os nenos a partir das pautas establecidas.

A.3. Ideas previas

A partir de diálogos falamos dos contos, dos personaxes que coñecen, dos libros que teñen na casa, de quen lles conta contos...

- Sobre os personaxes que coñecen dos contos, tebeos, debuxos animados...
 - cales lles gustan máis/menos
 - que cousas fan/que cousas lles pasan
 - tipos de personaxes: animais, super-heroes, nenos/as, bruxas, fadas, trasnos, ogros, xoguetes...
 - diferenzas entre os personaxes dos contos e os reais:
 - l qué poden facer eles e nós non
 - l qué levan posto os animais/qué fan
 - l qué non fan os animais da realidade
 - onde viven: covas, bosques, casañas, cabanas, castellos, no mar, no ceo...
 - qué accións realizan: salvar princesas, rescatar tesouros, investigar roubos...
- Sobre os soportes das historias, contos...
 - onde poden ver/escoitar un conto
 - qué películas de debuxos animados coñecen
 - onde poden ver unha película de debuxos animados
 - qué tebeos coñecen
 - se viron algunha obra de teatro, cal e de que trataba a historia
 - cómo se poden conseguir os contos, as películas, os cómics
 - cómo son os libros/contos: de que están feitos, qué formas teñen, tamaños, quen os fai, escribe, debuxa...

B. ACCIÓN

B.1. Busca de información

- Os nenos traerán da súa casa contos, tebeos, libros de calquera tema en xeral, ós que chamaremos de información.

- Preguntarán a familiares ou veciños que lles conten un conto para logo contalo na clase.
- Visitarán a biblioteca do centro e a biblioteca pública de Pontevedra onde vivenciarán unha sesión de contacontos.
- Nos contos da biblioteca da clase e os da casa, buscaremos distintas fórmulas de comezo e de final.
- Analizaremos cal é o problema dun conto ou dunha historia e como o protagonista resolve a situación.
- Estudio dos personaxes típicos de contos (sereíña, fada, ogro, ananos) a partir do libro “*Feroz, mágico, maravilloso y...*” da editorial EDAF e, seguindo un guión: ¿Quen é? / ¿En que contos aparece? / ¿Como é? (física e psiquicamente) / ¿Onde vive? / ¿Quen vive con ela? / ¿Que lle ocorreu? / ¿Cal foi o seu problema?

B.2. Elaboración da información

a) Esquema-guion previo

A información obtida nesta busca recollerase nun mural que amosará: esquemas con frases e debuxos, cancións, recortes...; os esquemas (frases escritas pola mestra e debuxos feitos polos nenos) recollerán as ideas aportadas polos/as alumnos/as e as partes de que constará o novo conto —que se irán apuntando a medida que se van analizando os contos.

b) Invención da historia

- Cada neno/a vai dicindo o personaxe que aparece no conto. Discutimos e seleccionámolo-preferidos facendo unha listaxe.
- Case ó mesmo tempo, empezamos a inventar-la historia seguindo o esquema acordado previamente:

Fórmula de comezo

1. ¿Quen?
2. ¿Onde? (espacio coñecido/descoñecido) ¿Cando? (tempo afastado/imprecisión temporal)
3. ¿Como? (situación na que se atopan)
4. ¡Pero! (aparición dun problema)
5. ¿Que se fixo/fixeron? (resolución do problema a través dunha busca, superación de probas, aparición dun ser fantástico que presta axuda...)
6. ¿Como rematou? (final feliz=retorno ó principio)

Fórmula do final

- Unha vez rematado o guión, divídese a clase en grupos de catro ou cinco nenos e nenos, cada un deles debuxará ou fará a montaxe de cada escena do conto. Poderán consultar contos, tebeos, cómics, recortes..., para recordarllos trazos dos personaxes.

c) Confección do conto

- Discútese cal será aproximadamente o tamaño do conto. Sobre láminas grandes de pasta de papel, márcanse as liñas polas que os nenos e nenos irán picando con punzón para despois cortar con maior facilidade.
- Os materiais empregados serán moi variados, desde debuxos, recortes de contos, revistas, papeis, tebeos, láminas de cortiza, témpera, fíos de la, cartón, pasta de papel..., así como coas técnicas: baleirado de debuxos, pintura con témperas e ceras, pegado, cosido, transparencias, picado de portas e ventás...

- O texto será escrito pola mestra que orientará ós/as nenos/as na distribución dos espazos, na colocación axeitada dos complementos (cintas adhesivas, encadernadores).

d) Escenificación do conto: “Xogamos ó noso conto”

- Confección das marionetas no taller de barro, usando a técnica do marote (unha bola de cabeza e un paó inserido que queda escondido debaixo da tea).
- No taller de expresión corporal, preténdese vivenciar-lo conto a través dun xogo dramático colectivo e simultáneo, transformando o espazo da aula para crearllos espazos do conto.

e) Intercambio dos contos: “Contamos ós demais o noso conto”

- Elaboramos un horario para que cada grupo-clase conte o seu conto ós compañeiros/as das outras clases de educación infantil.
- Esta mesma actividade foi realizada posteriormente cos cursos de primaria e secundaria durante a celebración no colexio da “Semana do libro”.
- Planifícase un calendario de maneira que cada neno/a leve o conto á súa casa e poida desfrutar del coa súa familia, responsabilizándose ó mesmo tempo do seu coidado.

B.3. Programación

a) Obxectivos

- Escoitar, comprender e evocar contos, historias... do seu contorno cultural, sexan de tradición ou actuais.

- Distinguir diferentes soportes (conversación, libro, cine, teatro...) da linguaxe oral, escrita e visual e valoralos como medios de comunicación e disfrute.

- Coñecer características, cualidades e valores de personaxes de contos, lendas, películas... e conflitos que lles acontecen.

- Coñece-los elementos dun conto:

- l título/portada
- l personaxes/protagonista/argumento
- l imaxes/ilustrador
- l texto/escritor

- Coñecer e desfrutar dos distintos espazos onde se gardan e len contos:

- l a súa habitación
- l a biblioteca da aula
- l a biblioteca do colexio
- l a biblioteca pública de Pontevedra

- Utilizar diversas formas de representación oral, plástica e dramática para crear personaxes e situacións de ficción

- Experimentar cos recursos expresivos do corpo para comunicar sentimentos, emocións e necesidades dos personaxes traballados.

- Participar de forma activa e colaborar cos demais na elaboración dun conto inventado entre todos.

b) Contidos

b.1) Área de Identidade e Autonomía Persoal

- Características e cualidades diferenciais dos personaxes: sexo, cor da pel, altura, orixe (vegetal, humano, animal), carácter (bondadoso, malvado, avaricioso...)
- Os sentimentos e as emocións: tristura, ledicia, enfado, malhumor, medo, ansiedade, sorpresa, susto, risa, pranto...
- Diferentes posturas corporais dos personaxes en diversas situacións (de perigo, descanso, traballo, ocio...)
- Distintas accións e/ou movementos propios dos personaxes.
- Control de habilidades motrices finas: recortar, pegar...
- Uso axeitado dos libros e valoración da importancia de mantelos limpos e ordenados.
- Imitación de actitudes, valores e normas que rexen o comportamento positivo dos personaxes de contos, lendas, historias...

b.2) Área do Medio Físico e Social

- Diferentes soportes da linguaxe oral, escrita, visual:
 - l conto/libro/cómics/tebeo
 - l televisión/vídeo
 - l cine
 - l teatro: de actores, de marionetas, de sombras...
- Diversos tipos de contos según diferentes criterios: clásicos/actuais; de persoas/de animais/de seres fantásticos; de diversos tamaños; de diversos materiais (cartón, plástico, papel, auditivos, táctiles...); de diversas formas (redondos, triangulares, cadrados, en formas de animais, obxectos...).
- Espazos onde se atopan, onde se moven e executan as accións dos personaxes: terra, mar, aire/bosque, castelo, palacio...
- Inconveniencias do tempo que sofren no transcurso da historia: calor, frío, choiva, neve, vento...
- Diferentes tipos de personaxes: ananos, xigantes, bruxas, ogros, fadas, trasnos, magos, heroes...

b.3) Área de Comunicación e Representación

- Control postural e equilibrio na imitación das diversas accións e movementos dos personaxes.
- Orientación e situación espacial: enriba/debaixo; interior/exterior, cerca/lonxe.
- Nocións temporais: ordenación e secuenciación dos feitos, sucesos, accións que acontecen nos contos.
- Narración de historias mantendo unha orde temporal lóxica.
- Cualidades dos obxectos —máxicos ou reais— dos contos: cores, tamaños, formas, texturas, cheiros, sabores, sons, temperaturas...
- Nocións de medida: máis longo ca/máis curto ca; pesado/lixeiro.
- Técnicas de expresión dramática:
 - pantomima: ilustración corporal das accións dos contos...
 - monicreques
 - sombras corporais
- Técnicas de expresión plástica
 - colaxe con diversos materiais (teas, revistas, xornais, papeis...)
 - transparencias e superposicións
 - picado
 - coloreado de rexións

- pregado de papel
- modelado en barro: elaboración das marionetas, a partir de bolas (belliscado, imprimación, engadido de detalles)

c) Actividades

c.1) Introductorias e motivadoras

- Escoar a Geppeto e despois falar con el, adopta-lo compromiso de inventar un conto por clase onde aparezan varios personaxes doutros contos. Invitar a Geppeto cando estean rematados.
- Traer contos da casa para ampliar-la biblioteca da aula.
- Falar sobre os personaxes que coñecen dos contos.
- Visita-la biblioteca pública de Pontevedra onde vivenciarán unha sesión de contacontos.

c.2) De ensino e aprendizaxe

- Dialogar sobre:
 - os personaxes (tipos, cales lles gustan máis, qué cousas fan, onde viven, cómo visten, qué ferramentas ou obxectos usan...)
 - os soportes das historias (película, cinta casete, libro, debuxos animados, cine, teatro...)
- Xogar con debuxos plastificados dos personaxes a:
 - adivinar onde aparece un personaxe: na tele, no cine, nos contos... facendo un cadro de dobre entrada
 - clasificar segundo varios criterios ou atributos
 - facer conxuntos asociando cantidade
 - imita-lo personaxe que lle toucou
- Consultar:
 - Libros e contos clásicos
 - Libros novos
 - Os pais, avós, irmáns, veciños...
- Realiza-lo conto que se lle prometeu a Geppeto.

c.3) Finais e avaliativas

- Organizar:
 - A visita de Geppeto para amosarlle os contos feitos polos grupos de nenos e nenas de catro e cinco anos.
 - Unha exposición cos contos e invitar a outras clases do colexio.
- Recoller nun libro individual, a partir de debuxos, o conto colectivo da clase.
- Recordar:
 - ¿Que cousas aprendemos?
 - ¿Que personaxes novos coñecemos?
 - ¿Que libros nos faltan na clase?
 - ¿Que libros nos gustaría que nos regalasen?

C. A VALIACIÓN

Entendémo-la avaliación como un instrumento de investigación continua ó longo de todo o proceso. A técnica máis axelada nesta etapa educativa é a observación que foi utilizada en diversos momentos do proceso de ensino-aprendizaxe.

Neste proxecto propúxose a avaliación en tres momentos claves: a motivación, o desenvolvemento e a valoración.

A avaliación inicial veu definida nas actividades de motivación onde se recolleron basicamente a información e as ideas previas das que partían os/as nenos/as.

Durante o desenvolvemento interesounos coñecer-la capacidade para planificar, a implicación de cada neno na aportación de ideas, na busca de materiais, na solución dos problemas...

Na avaliación final obtivemos información do grao e maneira de como se modificaron as ideas previas dos/as nenos/as, de como se executaron as fases do proxecto e do grao de xeneralización dos coñecementos adquiridos.

C.1. Criterios de avaliación

(Ver cadro ►)

C.2. Avaliación do proxecto

Cando nos propuxemos traballar este proxecto, a diversidade de situacións que se nos ocorrian eran tantas que tivemos que facer unha selección de prioridades en canto a intereses dos nenos/as, obxectivos, contidos, recursos materiais e humanos, etc.

A presentación do proxecto a través dun personaxe como a figura de Geppeto provocou unha gran carga motivadora nos nenos/as, que rapidamente se entusiasmaron e implicaron nel.

Sendo conscientes —as profesoras— da importancia que ten este primeiro paso (a motivación) en calquera proxecto a traballar nestas primeiras, foi moi pensado e preparado, coitando ó máximo tódolos detalles posibles: sacar das bibliotecas de aulas tódolos contos que houbera de Pinocho; no taboleiro das láminas dos contos colocouse outra de Pinocho igual ca antiga pero sen Geppeto, quedando así a súa silueta en branco; a mensaxe de Geppeto no encerado...; todos estes detalles foron preparados na véspera da súa visita, de maneira que pola mañá cando chegaron os nenos/as e se foron dando conta de todas estas "rarezas" empezou a medrar un certo nerviosismo que se ia contagiando polas clases. Como Geppeto na súa

mensaxe escribira que tiña pouco tempo para estar con nós, decidimos xuntarnos tódolos grupos de 4 e 5 anos nunha aula e invitamos tamén ós pequenos de 3 anos porque aínda que non traballaran o proxecto, ¡non podían perde-la oportunidade de coñecer a Geppeto!

A espectacularidade da chegada de Geppeto entrando pola ventá da aula causou gran impresión que durou bastantes días.

O inconveniente desta visita sorpresa foi que os nenos/as que ese día non viñeron ó colexio sentíronse moi apenados, aínda que de seguido foron contaxiados polos compañeiros/as que lles contaban todo, e sobre todo: ¡a volta de Geppeto o día que tivésemos-los contos feitos!

A partir desta gran motivación foi moi fácil continuar-lo traballo seguindo os pasos sinalados nesta memoria. Durante o desenvolvemento do proxecto houbo que facer algún reajuste na temporalización, xa que o Nadal botóusenos enriba, obrigándonos a deixa-la confección do conto-libro para despois das vacacións, así como tamén a segunda visita de Geppeto.

Despois das vacacións e aproveitando os diálogos sobre os regalos recibidos nas festas do Nadal, pensamos que foi significativo o feito de que bastantes nenos/as coñecían contos novos e outros traían libros que lles regalaran.

Cando por fin se remataron os contos, organizouse a volta de Geppeto. Decidimos entre todos que os nenos/as de 3 anos fosen invitados, de maneira que foi necesario buscar unha aula máis grande para estar todos ó mesmo tempo, xa que o profesor de primaria que facía de Geppeto non dispoñía de moito tempo para poder face-la visita por grupos.

Respecto a isto último, ó final da sesión démonos conta dos inconvenientes e valoramos unha serie de fallos pola nosa parte:

- O feito de estar tódolos grupos xuntos, dificultou o achegamento físico a Geppeto, que era o que todos desexaban.

■ Pensamos que de ter sido por grupos crearíase un clima moito máis íntimo e próximo favorecendo a charla con Geppeto, o intercambio de opinións, ideas, comunicacións...

■ O feito de que as mestras non percibíramos que os nenos e as nenas estaban case máis ilusionados/as pensando en ver, tocar, estar e falar con Geppeto que en mostrarlle os contos, levounos ó principio a unha equivocada interpretación dos/as posibles intereses dos/as alumnos/as.

En definitiva, a valoración do proceso que as mestras facemos, é moi boa a pesar dos fallos cometidos, xa que pensamos que se acadaron en gran parte os obxectivos propostos. Esta idea está avalada pola valoración que fixeron os propios nenos/as a través das súas conversacións orais sobre o que esperaban e o que recibiron, as solucións que se aportaron, as cousas que agradaron e as que non...

A colaboración da familia tamén foi importante nesta valoración do proxecto grazas ás informacións que aportaron sobre o grao de motivación, o interese polo tema e as preocupacións observadas nos nenos/as.

Agradecementos

A Juan por disfrazarse de Geppeto e xogar con nós.

A Luis por inmortalizararnos no vídeo e nas fotos.

A Beli e a Laura por acompañarnos en todo momento.

Bibliografía consultada

Proyectos 4 años. Edit. Alameda

La aventura de oír. A. Pelegrin. Edit. Cincel

La gramática de la fantasía. G. Rodari

El arte de contar cuentos. S.C. Bryant. Edit. Bibliária

Psicoanálisis de los cuentos de hadas. B. Bettelheim.

Edit Grijalbo.




Criterios de avaliación

	ALUMNOS/AS	PROXECTO
INICIAL	Interese Atención Participación Coñecementos previos	Presentación Interese Implicación Preparación dos recursos Preparación da unidade didáctica
	Resolución das tarefas: ensaio/erro planificación da tarefa regras dificultades adecuación dos resultados obtidos iniciativas atención interese busca de información Materiais: coñecemento do manexo normas axudas: (verbais, do grupo, dos adultos) elección dos materiais Relacións: cooperación autonomía iniciativa axuste ó grupo Formas de expresión Conflictos	Información adecuada Apoio ofertado Materiais: adecuados ó obxectivo funcionais motivadores diversos Secuenciación: axustes necesarios temporalización adecuada Actividades: motivadoras adecuadas ós obxectivos variadas funcionais Motivación durante o proceso Interaccións
CONTINUA	Valoración de logros e dificultades Satisfacción do resultado Interese por continuar xeneralización	Valoración do proceso: recursos materiais recursos humanos obxectivos contidos actividades temporalización Modificacións Reforzos necesarios
	FINAL	FINAL



1. Érase unha vez o frautista de Hamelin que todas as tardes ía pasear polo bosque. Naquelas tardes de primavera o bosque cheiraba moi ben, as flores recién nacidas adornaban coas súas cores os moitos sendeiros e camiños polos que se podía pasear. Os paxaros cos seus cantos axudaban ó frautista a inventar novas músicas mentres as bolboretas xogaban de flor en flor .

2. Unha tarde atopouse cunha nena que non facía outra cousa máis que chorar e chorar: estaba perdida e desesperada porque non recordaba nin sabía cómo fora a parar ali.
Chamábase Alicia, ¡sí, sí! ja do país das maravillas! por iso lle pasaban esas cousas tan raras...
O frautista coa súa música quitoulle o medo do corpo e así foi como se fixeron amigos.



3. Paseando polo bosque os dous novos amigos, escoitaron unhas voces pedindo auxilio e, rapidamente, saltando por detrás dunha árbore plántouselles no medio do camiño ¡o Gato con botas!
—¡Necesito axuda, por favor! —suplicou o gato—. O meu amo, o Marqués de Carabás, marchou de vacacións á selva onde construíu unha cabana, pero un terrible e malvado león tiroulla abaixo e agora está preso na cova do león, esperando que engorde para comelo.
—E ti ¿como sabes todo iso se non estás con el e a selva está moi lonxe de aquí?
—preguntou Alicia un pouco desconfiada.
—Pois porque me chamou polo teléfono móbil sen que o león se decatase
—respondeu o gato—. Escoitade ben, creo que teño unha idea: estou seguro de que ti, frautista, coa túa música poderías encanta-lo león e levalo enganado ata unha trampa que xa teríamos preparada Alicia e máis eu. ¡Igal que fixeches cos ratos en Hamelin!
—¡Iso está feito! —dixo o frautista—. O problema é cómo chegar ata ali o máis rápido posible...

4. —Xa sei, —dixo Alicia—. Poderíamos pedirlle a Polgarino, que vive aquí cerca, as botas de Sete Leguas; eu calzariíaa e levaríaa a cada un por unha man.
—¡Claro! ¡Que boa idea! Cor reríamos tanto que case voariamos.

5. E así foi como nun abrir e pechar de ollos os tres amigos se atoparon na selva. Ali facía moita calor e viron moitos animais salvaxes que antes só viran nos contos: elefantes, xirafas, serpes, rinocerontes, etc., etc. etc. pero, afortunadamente o plan que prepararan no bosque saíu tal e como pensaron

O león na trampa e todos contentos bailando a chimbamba.

